

**ACTA NÚM. 17 - DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA VINTE E TRES DE DECEMBRO DE 2013.**

No Salón de Sesiões da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **dez horas** do día **vinde e tres de decembro de 2013**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

**A S I S T E N:**

Don Ángel Benito Currás Fernández, Alcalde-Presidente.

**CONCELLEIROS/AS:**

Dona María de los Reyes Leis Rodríguez.  
Dona Cecilia Sierra Rey.  
Dona María de los Ojos Grandes Pardo Valdés.  
Dona María Amelia González Brandariz.  
Don José Luís García Bello.  
Don Juan José de la Fuente Fuentes.  
Dona María Castelao Torres.  
Don Francisco Javier Noya Iglesias.  
Don Adrián Varela Sarandeses.  
Dona Rebeca Domínguez Iglesias.  
Don Luís Meijide Rodríguez.  
Don José María Rosende Rico.  
Dona Mar Martín García.  
Don Benardino Higinio Rama Seoane.  
Dona Mercedes Rosón Ferreiro.  
Dona Marta Álvarez-Santullano Fernández-Trigales.  
Don Francisco Reyes Santiás.  
Don Gonzalo Muiños Sánchez.  
Don José A. Baqueiro Canabal.  
Dona Rosario Valledor Puente.  
Don Rubén Cela Díaz.  
Dona Elvira Cienfuegos López.  
Don Rafael Xesús Vilar González.

D. Vicente Calvo del Castillo, Interventor Xeral do Concello.

Juan Manuel Salguero del Valle, Secretario do Pleno do Concello de Santiago de Compostela.

Non asiste á sesión a concelleira Dona M<sup>a</sup> de los Ángeles Gómez Bugallo.

## **ORDE DO DÍA:**

- 1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 28 de novembro de 2013.**
- 2. Aprobación provisional da modificación puntual do plan xeral de ordenación municipal e do plan parcial de ordenación no ámbito do solo urbanizable non programado número 31 (SUNP-31). San Marcos.**
- 3. Aprobación provisional da modificación puntual da normativa urbanística do plan xeral de ordenación municipal aplicable ás situacións fóra de ordenación. Modificación dos artigos 109 e 124 e do capítulo IX do PXOM.**
- 4. Recoñecemento extraxudicial de crédito por importe de 38.712,38 euros.**
- 5. Proposta da Concelleira delegada de desenvolvemento urbano sostible, sobre concesión de bonificación no ICIO á Fundación Catedral de Santiago.**
- 6. Proposición do grupo municipal do PSdeG-PSOE relativa a determinados aspectos da ordenanza de terrazas e quioscos de hostalería.**
- 7. Dar conta de persoamentos, sentenzas e outras incidencias en recursos contencioso-administrativos.**
- 8. Dar conta de resolucións da Alcaldía, das concellarías delegadas e acordos da Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela.**
- 9. Rogos e preguntas.**
- 10. Toma en consideración de mocións presentadas polos grupos municipais.**

Cumpriméntase así:

### **1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 28 DE NOVIEMBRE DE 2013.**

O Pleno da Corporación aproba por unanimidade a acta correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 28 de novembro de 2013 (acta núm. 16/2013).

## **2. APROBACIÓN PROVISIONAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL E DO PLAN PARCIAL DE ORDENACIÓN NO ÁMBITO DO SOLO URBANIZABLE NON PROGRAMADO NÚMERO 31 (SUNP-31). SAN MARCOS.**

O obxecto da modificación, segundo se indica no expediente en base ao documento presentado por INMOBILIARIA OUTEIRO DE SAR, é a alteración do uso principal asignado ás parcelas afectadas -de hoteleiro a residencial-, a introducción dunha nova tipoloxía edificatoria -a vivenda colectiva-, e o incremento do número máximo de vivendas fixado polo Plan Parcial. A aprobación inicial foi acordada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 26 de setembro deste ano sen que no período de información pública e audiencia aos concellos limítrofes ao que se someteu o expediente se presentaran alegacións.

A xefa da sección municipal de planeamento e xestión urbanística emitiu o seguinte informe, con data do 13 deste mes, sobre o asunto referenciado:

“A Modificación proposta ten por obxecto principal permitir a implantación de uso residencial colectivo nas parcelas 115 e 118 do Plan parcial do SUNP-31 (parcelas 24 e 25 do Proxecto de compensación), cualificadas polo planeamento vixente para uso hoteleiro e outros de carácter terciario.

O proxecto, redactado polos arquitectos Carlos Pérez e Jesús Conde, foi presentado por INMOBILIARIA OUTEIRO DE SAR SL, asumindo o Concello a súa tramitación de oficio mediante Providencia asinada o 3 de outubro de 2012 pola concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda, Rehabilitación e Cidade Histórica..

### **1. Planeamento vixente**

O réxime urbanístico vixente nas parcelas obxecto de modificación é o sinalado polo Plan parcial do SUNP-31, o cal foi orixinalmente aprobado o 28 de novembro de 2002 e obxecto dunha primeira Modificación puntual aprobada con data 27 de novembro de 2008.

O vixente Plan xeral de ordenación municipal (PXOM), a través da súa disposición transitoria terceira, incorpora a ordenación resultante do Plan parcial vixente, outorgando aos terreos afectados a condición de solo urbanizable delimitado, como tamén se indica no artigo 58.7 da normativa.

O Plan parcial vixente aplica ás parcelas 115 e 118 as condicións de uso e de edificación que se sinalan na ordenanza 4 da súa normativa, e que se sintetizan na cualificación para

uso hoteleiro, comercial e oficinas, e na atribución das superficies edificables de 1.800 m<sup>2</sup> construídos para a parcela 115, e 5.234 m<sup>2</sup>c para a 118.

Por outra banda, o Plan parcial, en desenvolvemento das determinacións do Plan xeral daquela vixente -aprobado no ano 1989- establece a tipoloxía de vivenda unifamiliar para o uso residencial, e un número máximo de 115 vivendas no ámbito do polígono.

En execución do Plan parcial, foi aprobado, con data 9 de febreiro de 2004, o Proxecto de compensación do polígono, que determinou a cesión ao Concello dos terreos cualificados como viario, espazos libres e equipamento de dominio público, e a adxudicación das parcelas resultantes de uso lucrativo.

## **2. Obxecto e xustificación da Modificación**

A Modificación proposta pretende a alteración do uso principal asignado ás parcelas afectadas -de hoteleiro a residencial-, a introdución dunha nova tipoloxía edificatoria -a vivenda colectiva- e o incremento do número máximo de vivendas fixado polo Plan parcial vixente.

A conveniencia e oportunidade da modificación proposta baséase, segundo a memoria do proxecto presentado, nas seguintes circunstancias:

1<sup>a</sup>. A suficiencia da actual oferta de prazas hoteleiras no conxunto da cidade, e, en particular, na área máis próxima ao SUNP-31, na que existe unha variada oferta de establecementos hoteleiros cuxa capacidade ronda as 2.000 prazas.

Para acreditar este extremo, achégase informe da Asociación Hostelería Compostela, no que se fai mención ao sobredimensionamento da oferta de hospedaxe en Santiago, e o continuado descenso da demanda, que comprometen gravemente a viabilidade económica do sector.

Achéganse tamén informes elaborados pola Universidade de Santiago de Compostela e polo Instituto de Estudos Turísticos da Xunta de Galicia, nos que se constata o efectivo descenso da demanda e do nivel de ocupación dos establecementos hoteleiros na cidade de Santiago.

2<sup>a</sup>. A conveniencia de promover a fixación de poboación na zona e evitar unha excesiva terciarización, para o que se propón diversificar a oferta de uso residencial, mediante a incorporación da vivenda colectiva e da suxeita a réxime de protección pública.

Sen prexuízo do anterior, a Modificación non exclúe a posibilidade de que as parcelas afectadas poidan tamén destinarse a outros usos distintos do residencial, como son o hoteleiro, comercial e oficinas, que se declaran expresamente compatibles.

### **3. Contido e determinacións resultantes da modificación**

#### **Edificabilidade e usos**

Co obxecto de manter o aproveitamento do vixente Plan parcial -22.391 ua-, resultante dos coeficientes de ponderación asignados polo dito Plan aos usos residencial e hoteleiro (1 e 0,85, respectivamente), o cambio de uso proposto para as parcelas 115 e 118 acompáñase da redución proporcional -nun 15%- da edificabilidade materializable no conxunto das citadas parcelas, como de seguido se indica:

7.034 m<sup>2</sup>c uso hoteleiro ..... 0,85..... 5.978,9 ua .....5.978,9 m<sup>2</sup> uso residencial

A superficie edificable total autorizada no conxunto das dúas parcelas é de 5.978,9 m<sup>2</sup> construídos -fronte aos 7.034 permitidos polo Plan parcial vixente-, que se distribúe en 1.793,67 para a parcela 115 e 4.185,23 para a parcela 118.

A nova edificabilidade residencial que resulta da modificación destínase á construción de vivenda colectiva, cun número máximo de 103 vivendas, reservándose para vivenda de protección pública o 30% da nova superficie edificable residencial (1.793,67 m<sup>2</sup>c).

#### **Densidade de vivenda**

A incorporación dos novos tipos de vivenda, en canto supoñen un uso máis intensivo e concentrado da parcela, achégase da proposta de incrementar a densidade máxima de vivenda establecida polo vixente Plan parcial, o cal desenvolvía neste punto as determinacións do anterior Plan xeral de ordenación urbana (PXOU) aprobado en decembro de 1989, que fixaba unha densidade máxima de 15 vivendas por hectárea nas áreas tipo A.

O vixente Plan xeral de ordenación municipal (PXOM), a través da súa disposición transitoria terceira e do artigo 58.7 da normativa, clasifica o ámbito do Plan parcial como urbanizable delimitado, polo que a Modificación propón incrementar a densidade de vivenda, en coherencia coas novas tipoloxías edificatorias proxectadas, ata acadar as 28 vivendas por hectárea, ao ser este o mínimo permitido polo artigo 58 do PXOM nesta clase de solo, e en sectores de características semellantes ás do SUNP-31 (SUD-17 Monte do Gozo-Aríns).

A aplicación do parámetro de 28 vivendas por hectárea supón un número máximo de 218 vivendas no ámbito do Plan parcial, polo que, descontando as 115 vivendas xa permitidas polo plan vixente, resultan 103 novas vivendas no ámbito das parcelas obxecto da presente Modificación.

A Modificación distribúe este número de vivendas entre as dúas parcelas afectadas (27 na parcela 115, e 76 na 118).

### **Reservas dotacionais**

Na memoria do documento efectúase unha comparativa entre as dotacións actualmente existentes no ámbito e as que resultarían esixibles consonte ao artigo 47 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG), en atención aos novos usos e intensidades resultantes da Modificación proposta.

Coa Modificación séguense a cumprir os estándares de reserva dotacional legalmente esixibles, xa que tanto a redución de superficie edificable como o cambio de uso proxectado -de hoteleiro a residencial- non leva aparellada a necesidade de incrementar as dotacións existentes. No mesmo informe emitido pola Secretaría xeral de Ordenación do Territorio –ao que mais adiante nos referiremos- indícase que a redución da edificabilidade combinada co cambio de uso de hoteleiro a residencial xenera unha redución das necesidades de dotacións conforme ao artigo 47.2 LOUG.

No apartado 3.3 do documento efectúase una comparación entre o valor urbanístico das parcelas afectadas segundo a edificabilidade e usos outorgados polo Plan parcial vixente, e o que resultaría coa nova edificabilidade e usos proxectados, para o so efecto de acreditar que non se produce un incremento de edificabilidade ponderada do que se puidera derivar a esixibilidade de maiores cesións, consonte ao esixido polo Real decreto lexislativo 2/2008 para as actuacións de dotación.

### **Reserva de vivenda protexida**

O Plan parcial vixente, aprobado en novembro de 2002, non cualifica solo para a construción de vivenda de protección pública, xa que a lexislación urbanística vixente no momento da súa aprobación non esixía reserva obrigatoria de vivenda protexida.

Na actualidade, a resultas da modificación introducida pola Lei 8/2012 de vivenda de Galicia, no artigo 47.11 da LOUG, establécese, con carácter xeral, a reserva dun 30% da edificabilidade residencial no solo incluído en actuacións de urbanización, se ben os plans xerais poderán adaptar a reserva á estimación da demanda potencial de vivenda protexida realizada en base ao número de inscritos no Rexistro Único de Demandantes

de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia. Para este efecto, a Resolución do IGVS de data 9 de xaneiro de 2013 -publicada no DOG de 18 de xaneiro- sinala, para o Concello de Santiago, unha porcentaxe do 16,43%.

No presente caso, posto que a Modificación proposta supón a aparición dunha nova edificabilidade residencial -5.978,9 m<sup>2</sup>c- non considerada polo vixente PXOM, propónse cualificar para vivenda protexida o 30% da nova superficie edificable residencial resultante da Modificación, o que equivale a 1.793,67 m<sup>2</sup> construídos de vivenda de protección pública, que se localizan na parcela 115.

### **Ordenanza aplicable ás parcelas 115 e 118**

A Modificación propón a creación dunha nova ordenanza 4, que substituirá á do Plan parcial vixente, e que será aplicable ás parcelas 115 e 118, nas que se efectúa a seguinte cualificación ou asignación de usos pormenorizados:

- \* Uso principal ou característico: residencial colectivo.
- \* Usos compatibles (mesmo en edificación exclusiva): hoteleiro, dotacional, oficinas.
- \* Usos compatibles en planta baixa: comercial e garaxe-aparcadoiro.

### **Proxecto de edificación e licenza conxunta**

O plan parcial vixente establece, para as parcelas de Ordenanzas 1 e 2, a tipoloxía de edificación unifamiliar adosada ou pareada, en edificación e proxecto conxunto para cada un dos ámbitos que a tal efecto se delimitan, os cales se corresponden con ringleiras completas de vivenda unifamiliar.

A referencia a “edificación e proxecto conxunto” para cada unha das ringleiras debe interpretarse no senso de garantir certo grado de coherencia formal na edificación das distintas parcelas, evitando un resultado final desordenado ou non integrado no seu contorno. Esta finalidade pódese obter igualmente mediante a aprobación dun Estudo de detalle que concrete as condicións estéticas e de composición da edificación (artigo 73.1.c) da LOUG) evitando así a necesidade de aprobar un proxecto conxunto de edificación ou solicitar unha licenza conxunta, toda vez que as parcelas son susceptibles de edificación independente consonte ás determinacións do planeamento aplicable.

Por este motivo, aprovéitase a presente Modificación para clarificar este extremo, reformando a redacción das ordenanzas 1 e 2 no senso de permitir a aprobación dun Estudo de detalle que concrete as condicións estéticas e compositivas da edificación, de xeito alternativo ao proxecto de edificación conxunta.

## **4. Valoración do interese público da Modificación proposta**

A LOUG non reconece o dereito dos particulares, nin para a formulación do planeamento xeral, nin para a modificación do planeamento urbanístico aprobado, xa que o exercicio do *ius variandi* que corresponde á administración, ademais de ter un carácter esencialmente discrecional, debe estar vinculado á consecución de obxectivos de interese público, cuxa avaliación compete neste caso á Corporación Municipal.

Dende o punto de vista estritamente legal, estímase que a Modificación proposta resulta coherente coas circunstancias e cos obxectivos explicitados na Memoria, e, que, por tal motivo, o exercicio do *ius variandi* non se manifesta como inxustificado, irracional ou arbitrario, senón que se atopa suficientemente motivado e orientado á consecución de obxectivos de interese xeral, cuxa avaliación compete ao Pleno Municipal.

O interese público da Modificación proposta baséase na concorrencia das seguintes circunstancias e fins:

- A suficiencia da actual oferta de establecementos hoteleiros na zona, segundo se acredita na memoria do proxecto e documentación anexa.
- A conveniencia de diversificar as tipoloxías de vivenda no ámbito, introducindo tanto a vivenda colectiva como a de protección pública, o que permitiría satisfacer a demanda dun abano mais amplo da poboación e conformar un tecido social mais heteroxéneo, non circunscrito á vivenda unifamiliar.
- O incremento da densidade ou número de vivendas favorece tamén a compacidade do territorio e a potenciación do seu carácter urbano, así como a sostibilidade económica da urbanización, cuxo mantemento se asigna polo plan aos propietarios.

## **5. Informe da Secretaria Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo**

Con carácter previo á aprobación inicial, e en cumprimento do esixido polo artigo 85.1 da LOUG, solicitouse o informe da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, que foi emitido con data 5 de agosto de 2013.

Do informe emitido cabe subliñar as seguintes observacións:

- Respecto da dotación de sistemas xerais:

*Da análise da modificación resulta que se produce un aumento de capacidade residencial do PXOM de Santiago de 5.978,90 m<sup>2</sup> edificadas. O punto 2.3.6 da memoria xustificativa do PXOM sobre o cumprimento do artigo 47.1 da LOUG, observa unha capacidade residencial total de 9.294.709 m<sup>2</sup> e unhas reservas de sistemas xerais que máis que duplican o estándar legal, polo que os 5.978,90 m<sup>2</sup> residenciais adicionais non dan lugar a incumprimento do artigo 47.1 da LOUG.*



- Respecto das dotacións locais:

*En relación coa disposición transitoria 1ª.d) da LOUG, e supoñendo que o instrumento de equidistribución fose aprobado nos seus termos, a modificación non suporía incremento de intensidade de uso para os efectos do artigo 94.3 da LOUG, porque a redución da edificabilidade combinada co cambio de uso de hoteleiro a residencial xenera unha redución das necesidades de dotacións conforme ao artigo 47.2 LOUG.*

*No caso contrario, de que procedese a íntegra adaptación do plan parcial á LOUG, habería que facer as previsións oportunas que afectarían a todo o sector. A este respecto, obsérvase que o plan parcial vixente non fai previsión de vivenda protexida dentro do seu ámbito, cando resultaría esixible, conforme ao artigo 47.11 da LOUG, unha reserva do 30% da edificabilidade residencial do sector con destino a tal tipo de vivendas, ao tratarse dunha actuación de nova urbanización.*

- Respecto da ordenación detallada:

*A ordenación detallada non é completa ao permitir trasvases de edificabilidade, número e tipo de vivendas entre as parcelas, máxime cando os titulares non coinciden plenamente; polo que cómpre establecer a edificabilidade, número de vivendas e tipo destas para cada unha das dúas parcelas afectadas pola modificación.*

Á vista do informe, procedeuse a reformar o Proxecto informado pola Consellería nos seguintes termos:

- Mantense a dotación local de espazos libres resultante do plan parcial vixente (14.602 m<sup>2</sup>) e desbótase a proposta inicial de incorporar unha parte daquela ao sistema xeral, atendendo ás consideracións do informe autonómico respecto da reserva de sistemas xerais resultante do PXOM.

- Suprímense as referencias aos trasvases ou transferencias de edificabilidade e número de vivendas entre parcelas.

As modificacións citadas foron incorporadas ao documento presentado por INMOBILIARIA OUTEIRO DE SAR con data 16 de setembro de 2013.

Polo que atinxe á **reserva de vivenda protexida**, o informe autonómico parece entender que só resultaría esixible no caso de non terse aprobado definitivamente o proxecto de equidistribución, suposto no que, consonte á Disposición transitoria primeira, 1.d) da LOUG, sería preceptiva a adaptación íntegra do plan parcial á dita lei.

Sobre esta cuestión, o Concello xa formulou en abril de 2013 una consulta á Consellería de Medio Ambiente, da que non se obtivo resposta, e na que se propuxo o seguinte:

“ ....

**3ª. Reserva de vivenda protexida esixible nos procedementos de Modificación do planeamento xeral que afecten a ámbitos de solo urbanizable ou urbano non consolidado.**

*Naqueles ámbitos nos que o planeamento vixente non estableceu reserva obrigatoria de vivenda de protección – por non ser esixible de acordo coa lexislación vixente no momento da súa aprobación – suscítase a cuestión de se o inicio dun procedemento de modificación do plan xeral implica a obrigatoriedade de situar a reserva nas parcelas afectadas pola Modificación en calquera caso, ou só cando a Modificación supón para as ditas parcelas a aparición dun novo aproveitamento residencial. De entenderse que só resultaría esixible a reserva neste segundo suposto, plantéxase ademais a dúbida de se a porcentaxe de reserva se aplicaríase só sobre a nova edificabilidade residencial.*

*O respecto aos dereitos adquiridos pola aprobación do proxecto de equidistribución, segundo resulta do indicado na disposición transitoria primeira da LOUG, parece indicar que a reserva de vivenda protexida só podería resultar esixible respecto das parcelas afectadas pola Modificación cando esta supoña para as mesmas a aparición dun novo aproveitamento residencial, e só na porcentaxe aplicable a nova edificabilidade destinada a vivenda, sen afectar ás restantes parcelas nin aproveitamentos patrimonializados en execución do planeamento anterior.”*

## **6. Tramitación**

A Modificación proposta, se ben supón unha modificación puntual da asignación de usos pormenorizados efectuada polo Plan parcial vixente, afecta a outras determinacións -como son a tipoloxía e a densidade de vivenda- cuxo establecemento corresponde ao planeamento xeral (artigo 57.1 da LOUG).

Por este motivo, a Modificación tramítase a través do procedemento regulado no artigo 85 da LOUG para a aprobación dos plans xerais, sen sometemento a avaliación ambiental estratéxica por terse declarado a súa innecesariedade mediante **Decisión da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental do 30 de xaneiro de 2013.**

Obra no expediente **informe favorable do Secretario xeral do Pleno municipal**, asinado o 23 de setembro de 2013.

En aplicación do procedemento legalmente establecido, a Modificación aprobouse inicialmente polo Pleno municipal o 26 de setembro de 2013, e someteuse a **información pública** durante o prazo de dous meses, mediante anuncios que para o efecto se publicaron no Diario Oficial de Galicia de data 10 de outubro e nos xornais *El Correo Gallego* e *La Voz de Galicia* do día 8 de outubro. Durante o mesmo prazo, outorgouse **audiencia aos Concellos limítrofes**.

Durante os referidos trámites de información pública e de audiencia a Municipios non consta a formulación de alegacións.

Con data 7 de outubro de 2013 solicitouse o **informe do Organismo autónomo Augas de Galicia**, sobre suficiencia de recursos hídricos, sen que ata a data se teña comunicado resolución algunha, polo que, consonte ao previsto polo artigo 39.3 da Lei 9/2010 de Augas de Galicia, a falta de notificación no prazo de dous meses *equivalerá á declaración de conformidade* co contido do planeamento.

## **7. Proposta de aprobación provisional**

En consecuencia, e de conformidade co que dispón o artigo 85.7 da LOUG, propónse ao Pleno Municipal, previo ditame que deberá emitir a Comisión Informativa de Urbanismo, Vivenda, Infraestruturas e Medio Ambiente, adoptar o seguinte ACORDO:

a) Aprobar provisionalmente a Modificación puntual do Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) e do Plan parcial de ordenación do SUNP-31.1 (San Marcos), sen modificacións respecto da que fora inicialmente aprobada o 26 de setembro de 2013.

O acordo deberá adoptarse co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, en cumprimento do esixido polo artigo 123.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, sendo preceptivo, de conformidade co sinalado no artigo 122.5.e, punto 2 da mesma Lei, o asesoramento do secretario xeral do Pleno.

b) Remitir a Modificación provisionalmente aprobada, xunto co expediente administrativo tramitado, á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, para os efectos de que outorgue a resolución que proceda sobre a aprobación definitiva.

A Modificación entenderase definitivamente aprobada se transcorren tres meses dende a entrada do expediente completo no rexistro do órgano competente sen que este comunicase a resolución, sempre que o plan conteña os documentos e determinacións preceptivos (artigo 85.10 da LOUG).”

Tamén emitiu informe favorable esta secretaría xeral de Plenos con data do 23 de setembro deste ano.

Dona María Pardo Valdés inicia o debate explicando que a modificación proposta tramítase de oficio a resultas dunha iniciativa formulada por inmobiliaria Outeiro de Sar Mercantil, propietaria das dúas parcelas afectadas. As parcelas obxecto da modificación son os números 115 e 118 do Plan Parcial do SUNP-31, cualificadas no plan vixente para uso hoteleiro e outros de carácter terciario, tales como comercial e oficinas.

O obxecto da modificación proposta é o de permitir a implantación de uso residencial colectivo nas citadas parcelas, con destino á construción de vivendas, das que 27 se clarifican na modificación para ser destinadas a vivenda de protección pública.

Xustifica a concelleira o interese público da modificación na concorrencia de distintas circunstancias e obxectivos. En primeiro lugar, a suficiencia e incluso sobredimensionamento da oferta de establecementos hoteleiros en Santiago de Compostela, e máis concretamente na zona onde se sitúan as parcelas, segundo se acredita cos informes emitidos pola Universidade de Santiago de Compostela, o Instituto de Estudos Turísticos da Xunta de Galicia, e a Asociación de Hostalería de Compostela.

En segundo lugar, apunta a Sra. Pardo á conveniencia de fixación de poboación no ámbito, diversificando a oferta de vivenda e introducindo a vivenda protexida, así como outros formatos residenciais distintos da unifamiliar, a fin de cubrir a demanda dun maior espectro de poboación con necesidades reais de aloxamento, xoves, familias monoparentais, etc. Preténdese pois evitar a tipoloxía única, que non se corresponde coas necesidades reais de poboación demandante de vivenda, fomentando con iso a diversidade social dos futuros residentes.

Trátase asemade dun polígono de fácil accesibilidade e ben comunicado coa cidade e coas infraestruturas, que ademais presenta un alto índice de reservas dotacionais por encima das legalmente esixibles, segundo reconece o informe emitido pola Consellería competente. A modificación reduce nun 15% a superficie edificable permitida no conxunto das dúas parcelas afectadas, que pasa de 7000 a 6000 metros cadrados construídos, precisamente co obxecto de non incrementar o aproveitamento adxudicado ás parcelas no proxecto de compensación aprobado.

Introdúcese tamén a reserva de vivenda protexida nunha porcentaxe do 30% sobre a nova edificabilidade residencial resultante da modificación, o que supón a aparición de 27 vivendas de protección nun ámbito sobre o que convén lembrar que o plan parcial vixente, aprobado con anterioridade á reforma da LOUG do ano 2004, non calificaba solo con destino a vivenda protexida.

O informe da Consellería entende que ao terse aprobado definitivamente o proxecto de distribución do ámbito non sería esixible a reserva obrigatoria de vivenda de protección. Sen embargo o Concello considera oportuno o seu establecemento por motivos de interese xeral, posto que supón ampliar a oferta residencial a un maior sector da poboación. A situación do polígono é incluso máis adecuada que outras zonas proxectadas no plan xeral para novos crecementos residenciais, por exemplo, o SUP-4 da Pulleira, coa diferenza de que no SUNP-31 xa existe planeamento aprobado e executado, e as parcelas atópanse urbanizadas e en condicións de incorporarse ao proceso de edificación.

Di por último a concelleira que parece cando menos lóxico tratar de completar os solos que xa existen urbanizados e en disposición de ser edificados con novas vivendas antes que seguir hipotecando novos desenvolvementos de solo, pois o momento actual é máis de pequena cirurxía urbana que de grandes operacións urbanísticas.

Don Rubén Cela intervén seguidamente, e indica que o grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego vaise abster neste punto, en coherencia co seu posicionamento durante o debate da súa aprobación inicial no mes de setembro. É posible que tal e como se argumenta por parte dos promotores desta modificación, hoxe exista unha planta hoteleira en Santiago en xeral dabondo dimensionada e en particular no entorno do SUNP-31 ao que nos estamos a referir, no entorno de San Marcos, pero o BNG non está de acordo con que necesariamente haxa que facer unha modificación da cualificación destes terreos nos termos plantexados.

É certo que o plan parcial vixente, de novembro de 2002, non cualifica o solo para construción de vivenda de protección pública, xa que a lexislación urbanística de aquel intre non esixía reserva obrigatoria, e garantir agora ese 30% da nova superficie edificable para vivenda de protección pública supón o único dato positivo desta proposta.

Pola contra, apróbase o cambio de uso principal desas parcelas para residencial evitando tamén outros usos terciarios, e o que se vai acadar é que practicamente se dupliquen as vivendas que estaban plantexadas inicialmente, pois en concreto pasaríase de 115 a 218 vivendas, cousa que desvirtúa completamente o deseño existente para esa zona, motivo polo que o seu grupo non vai apoiar unha modificación destas características, onde o único beneficiario claro da mesma é a propia Inmobiliaria Outeiro de Sar.

Dona Mercedes Rosón, pola súa banda, sinala que o voto do grupo socialista, en coherencia co mantido con ocasión da aprobación inicial desta proposta de modificación, vai ser contrario, en primeiro lugar por unha razón de fondo, que supón

contradecir a filosofía que impera no plan xeral de ordenación municipal de Santiago, que se basea en non facer residenciais colectivos espaiados puntuais, como é este residencial colectivo a carón das estradas e no medio do monte, como no seu día fixeron algúns concellos periféricos. Non atopa a concelleira ningún argumento que xustifique a modificación proposta, pois non hai unha razón de sobredimensionamento da oferta hoteleira, debido a que as parcelas que son obxecto da modificación que hoxe se aproba provisionalmente teñen ademais outros usos, e tampouco é válida a xustificación da necesidade de vivenda, nin libre nin protexida porque non é real, e así como se acredita o excedente de prazas hoteleiras, no expediente non obra ningún documento que acredite esa necesidade de vivenda.

Por outra banda, a ninguén se lle escapa que este é un xeito de facerlle un favor a alguén por puro interese particular, como ben acaba de dicir o señor Cela, e nesta operación quen claramente gaña é o promotor, e dende logo quen perde é a cidade. Isto supón favorecer a persoas concretas rompendo todas as normas urbanísticas e por iso, polo fondo e pola forma, o seu grupo votará en contra dunha proposta que se algo deixa claro aos cidadáns é como goberna o Partido Popular.

Rematado o debate, e de conformidade cos informes emitidos, a proposta da concelleira-delegada da área de desenvolvemento urbano e sostible, do día 13 deste mes de decembro, e o ditame favorable da Comisión de Urbanismo, Vivenda, Rehabilitación e Casco Histórico, correspondente á súa sesión do pasado día 17, o Pleno da Corporación acorda por 13 votos a favor, dos membros do grupo municipal popular, 8 en contra, dos membros do grupo municipal do PSdeG-PSOE, e 3 abstencións, dos membros do grupo municipal do BNG, polo tanto co voto favorable da maioría absoluta do número legal dos seus membros:

a) Aprobar provisionalmente a modificación puntual do Plan xeral de Ordenación Municipal e do Plan Parcial do SUNP-31.1 (San Marcos) sen modificacións con respecto ao aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación en sesión de 26 de setembro de 2013.

b) Remitir a modificación aprobada, xunto co expediente administrativo tramitado, á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, para os efectos de que dite a resolución que proceda sobre a aprobación definitiva.

### **3. APROBACIÓN PROVISIONAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DA NORMATIVA URBANÍSTICA DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL APLICABLE ÁS SITUACIÓNS FÓRA DE ORDENACIÓN. MODIFICACIÓN DOS ARTIGOS 109 E 124 E DO CAPÍTULO IX DO PXOM.**

A aprobación inicial da modificación puntual á que se refire o presente asunto foi acordada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 31 de xaneiro de 2013, sen que no período de información pública e audiencia ós concellos limítrofes ó que se someteu o expediente se presentaran alegacións.

Non obstante, e con respecto ao documento aprobado inicialmente, reformouse a redacción dalgúns artigos, sendo que segundo informa a xefa da sección municipal de planeamento e xestión urbanística con data do 13 deste mes, a reforma non altera o contido substancial da modificación inicialmente aprobada, razón pola que non estima procedente a apertura dun novo trámite de información pública previo á aprobación provisional.

Transcríbese seguidamente o citado informe:

#### **“1. Obxecto e ámbito da Modificación**

O proxecto de referencia formúlase de oficio polo Concello de Santiago, a través dos servizos técnicos da Área de Urbanismo, co obxecto de modificar a normativa urbanística do vixente Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) no que atinxe ao réxime aplicable ás situacións de fóra de ordenación, que se contén no Capítulo IX (artigos 218, 219 e 220) do citado documento.

A Modificación afecta tamén á redacción do artigo 109.2.d) -relativo á autorización do uso comercial nos locais construídos con anterioridade á entrada en vigor do Plan xeral de 1989-, así como á do artigo 124.1, en canto se refire ás actuacións de ampliación en edificios existentes que se atopan en situación de fóra de ordenación.

A Modificación tamén vai afectar, de forma indirecta ou transversal, a outras disposicións do planeamento vixente que poidan devir contraditorias co réxime proposto neste documento para as situacións de fóra de ordenación, motivo polo que se establece a prevalencia da nova regulación proposta dentro do Capítulo IX, coas seguintes excepcións:

*a) Os inmobles protexidos ou catalogados, que se regularán pola respectiva normativa de protección.*

*b) Os inmobles incluídos no ámbito de aplicación do Plan especial de protección e rehabilitación da cidade histórica (PE-1), que se rexerán polas disposicións establecidas no citado documento.*

*c) As edificacións construídas en solo rústico ao abeiro de licenza urbanística ou da preceptiva autorización autonómica, que quedarán suxeitas ao réxime establecido pola*

*disposición transitoria cuarta da LOUG, e polas respectivas ordenanzas de aplicación do vixente Plan xeral.*

*d) As edificacións construídas en solo urbanizable non delimitado (SUND), ao abeiro de licenza urbanística ou da preceptiva autorización autonómica, que quedarán suxeitas, mentres non se aprobe o correspondente Plan de sectorización, ao mesmo réxime establecido para o solo rústico, consonte ao disposto polo artigo 21.4 da LOUG.*

## **2. Xustificación da legalidade e conveniencia da Modificación**

Na Memoria do documento descríbense os motivos de interese público que xustifican a necesidade e oportunidade de abordar a Modificación do planeamento vixente, consonte ao esixido polo artigo 94 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG).

Os motivos sinalados poden sintetizarse nos seguintes puntos:

1. O artigo 103.2 da LOUG, logo da reforma operada pola Lei 2/2010, atribúe ao planeamento a labor de diferenciar os distintos supostos que integran o réxime legal de fóra de ordenación e os seus efectos en canto ás actuacións permitidas. Isto supón unha **deslegalización** do réxime aplicable, ao remitirse ao planificador a tarefa de regular as distintas actuacións permitidas de forma proporcionada ao respectivo grao de incompatibilidade ou desconformidade apreciado polo planeamento.

2. A precitada Lei 2/2010 asimila á situación de fóra de ordenación as **edificacións ilegais** -unha vez que teña caducado o prazo legalmente establecido para as accións de reposición da legalidade urbanística-, polo que é preciso integrar estas construcións no réxime de fóra de ordenación, na situación que para o efecto se defina polo planeamento.

3. O actual contexto social e económico, no que se está a producir unha **ralentización** nos procesos de execución do planeamento urbanístico, demanda o artellamento dun réxime transitorio que evite situacións de abandono ou decadencia das instalacións xa existentes, permitindo aos seus propietarios unha utilización axeitada nas mellores condicións de funcionalidade e seguridade, e coas debidas garantías para o interese xeral. Esta necesidade maniféstase de xeito particular nas edificacións existentes en ámbitos que non dispoñen aínda do seu planeamento mais detallado, situación que pode prolongarse indefinidamente no tempo, provocando o abandono de edificacións que poderían resultar plenamente compatibles co futuro plan de desenvolvemento.



4. O principio de **proporcionalidade** esixe acomodar a autorización de actuacións provisionais ou transitorias ao ritmo de execución do planeamento, permitindo reformas ou melloras puntuais nas edificacións existentes, coas debidas limitacións e garantías para o interese público.

### 3. Descrición da nova ordenación proposta

No apartado 6 da Memoria do documento descríbese, en liñas xerais, o novo réxime aplicable ás situacións de fóra de ordenación, que se concreta nunha nova redacción dos artigos 218, 219 e 220, así como na reforma puntual dos artigos 109.2.d) e 124.1.

A nova redacción dos artigos afectados contéñense no epígrafe III do documento.

O réxime proposto para as edificacións existentes que deveñen incompatibles ou desconformes co planeamento parte de diferenciar tres graos ou situacións:

1. Situación **integral ou estrita**, aplicable ás edificacións que ocupan, en todo ou en parte, solo destinado polo Plan xeral ao **dominio público** (vias, zonas libres, equipamentos).

Nesta situación admítense as obras de **conservación e reparación que resulten precisas para o mantemento do uso preexistente**, incluíndo a reposición ou substitución de elementos estruturais, sempre que sexan necesarias para garantir a funcionalidade e seguridade da instalación existente.

O réxime estrito aplícase tamén ás edificacións construídas **sen licenza**, así como a aquelas outras que resulten incompatibles con determinacións estruturantes ou vinculantes do Plan xeral, non susceptibles de alteración ou reaxuste no planeamento de desenvolvemento.

2. Situación **transitoria ou diferida**, aplicable ás edificacións que se emprazan en ámbitos cuxa ordenación detallada se remite polo Plan xeral a un ulterior instrumento de planeamento (plan parcial ou plan especial). As situadas en solo urbanizable non delimitado (SUND) quedan suxeitas, en tanto non se aprobe o plan de sectorización, ao réxime do solo rústico, de acordo co disposto polo artigo 21.4 da LOUG.

Nesta situación transitoria, ao non ser posible avaliar o grado de compatibilidade ou desconformidade da edificación mentres non se aprobe o plan que defina a súa ordenación pormenorizada, permítense, ademais das obras autorizadas na situación estrita e con suxeición aos mesmos requisitos e limitacións, **pequenas ampliacións** de ata un 10%, sempre que non conleven *modificación substancial da configuración orixinal da edificación nin das súas unidades funcionais*. A autorización destas obras

ten un carácter estritamente **provisional ou en precario**, condicionada á previa renuncia formal do interesado a percibir indemnización polo maior valor que resulte das obras autorizadas, habendo de constar esta renuncia no Rexistro da Propiedade, segundo prevén os artigos 103.4 da LOU, 8.3.d) do RD legislativo 2/2008 e 76 do RD 1093/1997.

3. Situación **desconforme**, aplicable a aquelas edificacións que non resultan radicalmente incompatibles co planeamento, de xeito que este non prevé a súa desaparición, senón que presentan determinados elementos ou parámetros desconformes coa respectiva ordenanza de aplicación (altura, fondo, recuamentos, ocupación máxima, etc.)

Nesta situación permítense todas as actuacións que resulten abeiradas pola respectiva ordenanza de aplicación, incluídas as de ampliación ata acadar os parámetros da ordenanza.

As **edificacións que foran construídas sen licenza** quedan incursas na situación integral ou estrita.

A aplicación do réxime estrito de fóra de ordenación a todas as edificacións construídas sen licenza determina a necesidade de que, en calquera procedemento de autorización de obras de ampliación e rehabilitación que afecte a edificacións existentes, se comprobe polos servizos técnicos municipais a legalidade orixinaria da construción, co obxecto de precisar a aplicación do réxime que corresponda. Para este efecto engádesse no artigo 220 unha disposición específica que regula a forma de acreditar a licitude orixinaria das edificacións existentes, mediante a correspondente licenza urbanística. Porén, exímese desta acreditación ás edificacións existentes no momento da aprobación do Plan xeral de 1989, segundo a cartografía oficial municipal do ano 1988 ou calquera outra proba que puidera chegar o interesado.

Polo que atinxe ao **artigo 109.2.d)**, clarifícase a súa redacción co obxecto de solventar as dúbidas que ten suscitado a súa interpretación, no senso de eximir aos locais construídos xa existentes con anterioridade á aprobación do PXOU de 1989 da obriga de cumprir os requisitos de altura mínima establecidos no citado artigo, sempre e cando se adapten á normativa sectorial reguladora da actividade. Esta interpretación resulta coherente coa doutrina xurisprudencial existente na materia, favorable á utilización económica das instalacións xa existentes, aínda que se atopen en situación de fóra de ordenación, cando cumpren os requirimentos da lexislación que regula a actividade.

## 5. Tramitación

De conformidade co disposto polo artigo 93.4 da LOUG, a Modificación tramítase a través do procedemento regulado no artigo 85 da LOUG para a aprobación dos plans xerais, sen sometemento a avaliación ambiental estratéxica por terse declarado a súa innecesariedade mediante **Decisión da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental do 8 de agosto de 2012.**

Obra no expediente **informe favorable do Secretario xeral do Pleno Municipal**, asinado o 23 de xaneiro de 2013.

En aplicación do procedemento legalmente establecido, a Modificación aprobouse inicialmente polo Pleno municipal o 31 de xaneiro de 2013, e someteuse a **información pública** durante o prazo de dous meses, mediante anuncios que para o efecto se publicaron no Diario Oficial de Galicia de data 21 de marzo de 2013 e nos xornais *El Correo Gallego* e *La Voz de Galicia* do día 22 de marzo. Durante o mesmo prazo, outorgouse **audiencia aos Concellos limítrofes.**

Durante os referidos trámites de información pública e de audiencia a Municipios non consta a formulación de alegacións.

## **6. Modificacións introducidas sobre o proxecto inicialmente aprobado**

No documento que se somete a aprobación provisional, reformouse a redacción dalgúns artigos, en particular a do 219.1, aplicable á situación estrita ou integral, coa finalidade de axustar o réxime das actuacións permitidas nesta situación ao configurado polo artigo 103.2 da LOUG. Así, nas situacións de total incompatibilidade, limítanse as actuacións autorizables ás de mera conservación e ás necesarias para o mantemento do uso preexistente en condicións axeitadas de funcionalidade e seguridade, o que pode incluír a substitución ou reposición de elementos estruturais sempre que resulten imprescindibles para o mantemento das citadas condicións.

As reformas introducidas non alteran o contido substancial da Modificación inicialmente aprobada, polo que non se estima procedente a apertura dun novo trámite de información pública con carácter previo á súa aprobación provisional.

## **7. Proposta de aprobación provisional**

En consecuencia, e de conformidade co que dispón o artigo 85.7 da LOUG, propónse ao Pleno Municipal, previo ditame que deberá emitir a Comisión Informativa de Urbanismo, Vivenda, Infraestruturas e Medio Ambiente, adoptar o seguinte ACORDO:

a) Aprobar provisionalmente a Modificación puntual do Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) no que atinxe ao réxime de fóra de ordenación (capítulo IX –artigos

218, 219 e 220- e 124.1) así como á redacción do artigo 109.2.d), segundo o proxecto formulado polo Concello a través dos servizos técnicos da Área de Urbanismo con data decembro de 2013.

O acordo deberá adoptarse co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, en cumprimento do esixido polo artigo 123.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, sendo preceptivo, de conformidade co sinalado no artigo 122.5.e, punto 2 da mesma Lei, o asesoramento do secretario xeral do Pleno.

b) Remitir a Modificación provisionalmente aprobada, xunto co expediente administrativo tramitado, á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, para os efectos de que outorgue a resolución que proceda sobre a aprobación definitiva.

A Modificación entenderase definitivamente aprobada se transcorren tres meses dende a entrada do expediente completo no rexistro do órgano competente sen que este comunicase a resolución, sempre que o plan conteña os documentos e determinacións preceptivos (artigo 85.10 da LOUG).”

Tamén emitiu informe favorable esta secretaría xeral de Plenos con data do 23 de xaneiro deste ano.

Dona María Pardo Valdés explica que o que significa que un edificio estea en situación de fóra de ordenación é que un edificio prexistente á aprobación do planeamento en vigor, executado de conformidade co planeamento vixente no momento da súa construción, resulta disconforme ou incompatible co novo plan.

O planeamento, dado o carácter discrecional da súa redacción, non se atopa vinculado nin polo planeamento anterior, nin pola prexistencia de edificacións; sen embargo, o que non pode facer a nova ordenación é borrar e conta nova da realidade xa existente, ou pretender que se evapore, ou que se cambie a realidade dun día para outro o que no seu momento foi lícitamente construído baixo a vixencia dun plan anterior, como tampouco pode nin debe impedir a súa utilización racional dentro duns límites aceptables de funcionalidade e de estabilidade. Antes ben, o plan debe procurar un equilibrio entre o mantemento da funcionalidade e o dereito da conservación da propiedade por un lado, e a eficacia das novas disposicións e obxectivos expresados polo planeamento sobrevido polo outro. Este é o gran obxectivo da nova regulación, e este equilibrio é precisamente o que se pretende alcanzar coa formulación da modificación do réxime de fóra de ordenación, subsanando os problemas detectados na aplicación cotidiana do plan vixente.

Salienta asemade a sra. Pardo que o actual plan xeral non diferencia os distintos supostos de edificacións que poidan estar incursas en situacións de fóra de ordenación, é dicir, aplica indiscriminadamente o mesmo réxime a todas as edificacións, sen atender ao seu grao de compatibilidade coa nova ordenación, o que implica un efecto desproporcionado, ás veces incluso incompatible co deber legal de conservación dos edificios tal e como agora resulta configurado no artigo 9 do texto refundido da Lei estatatal do solo, tras a modificación introducida pola Lei 8/2013, de rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas.

A modificación proposta polo concello distingue as diferentes situacións de fóra de ordenación:

1. Integral ou estrita, aplicable ás edificacións que resultan totalmente incompatibles por ocupar en todo ou en parte solo clasificado polo plan como viario, zonas verdes, espazo libre, ou dominio público. Nesta situación só se autorizan as obras de mera conservación e as que resulten necesarias para manter o uso preexistente en condicións adecuadas de funcionalidade, seguridade e salubridade. Polo tanto, a nova regulación respecta o tenor literal do artigo 103.2 da LOUG, se ben engade unha referencia expresa á posibilidade de repoñer ou substituír elementos estruturais cando iso resulte imprescindible para manter as citadas condicións de funcionalidade e seguridade, e sempre que non supoñan alteración da organización espacial da tipoloxía estrutural, nin da envolvente do edificio.

Á situación estrita se asimilan as edificacións ilegais ou clandestinas, isto é, as construídas sen licenza, ou sen axustarse ás súas condicións, cando xa caducaron os prazos para repoñer a legalidade urbanística, de seis anos segundo a LOUG vixente. Precisamente unha das novidades introducidas pola reforma do 2010 é a asimilación destas edificacións ilegais na súa orixe, ao réxime de fóra de ordenación, o que obriga ao planeamento a concretar a situación aplicable ás mesmas.

A modificación proposta polo concello asimila a situación das edificacións procedentes do ilegal ao réxime máis estrito, é dicir, ao de edificacións compatibles co plan, aínda cando poideran resultar conformes coa nova ordenación. Neste caso, os propietarios se verían obrigados á súa legalización e se ésta non fora posible, non sería coherente outorgarlles un trato máis favorable que as lícitamente construídas, que deveñen fóra de ordenación.

2.-A segunda situación de disconformidade se aplica ás edificacións que incumpren determinados parámetros da ordenación en vigor, como altura, fondo edificable, retranqueos, etc., pero que non ocupan solo cualificado como de dominio público. Nesta situación se autorizan todas as actuacións de reforma, incluso ampliación, que se axusta na respectiva ordenanza en vigor, sen necesidade de eliminar os elementos

disconformes, xa que estes foron lícitamente realizados e se atopan incorporados ao patrimonio do seu titular.

3.- E por último cita a concelleira a situación diferida ou transitoria que se aplica ás edificacións existentes en ámbitos de solo urbanizable delimitado, ou de solo urbano remitido ao planeamento especial, cando aínda non foi iniciado o proceso de elaboración do planeamento que vai definir a súa ordenación detallada, un plan parcial ou un plan especial. O Plan xeral vixente non contempla esta situación, de modo que existe indeterminación xurídica á hora de definir o réxime aplicable á reforma de edificacións existentes nestes ámbitos. Sen embargo, o artigo 102 da LOUG si prevé expresamente a posibilidade de autorizar usos e obras provisionais, incluso unha vez aprobada a ordenación detallada se aínda non se iniciou o procedemento de execución.

A doutrina e a xurisprudencia veñen considerando estes usos e obras provisionais como unha manifestación do principio de proporcionalidade na súa vertente temporal, e se á vista do ritmo de execución do planeamento a autorización dunha obra ou uso provisional non vai dificultar a súa execución, non sería proporcinado impedilo, sempre coas debidas limitacións e garantías para o interese público, isto é, en canto a limitacións se admite a ampliación nas mesmas condicións que sinala a LOUG para as edificacións existentes en solo rústico ata un máximo do 10% do volume e ocupación orixinal, e sen que poida supoñer modificación da configuración orixinal da edificación, nin das súas unidades funcionais, e como garantía, o titular haberá de renunciar expresamente a calquera indemnización polo maior valor que resulte das obras autorizadas, o que se fará constar no rexistro da propiedade con eficacia fronte aos terceiros adquirentes.

En conclusión, á modificación proposta establece un tratamento diferenciado para cada unha das situacións que integran o réxime legal de fóra de ordenación, buscando sempre un equilibrio ou proporcionalidade entre o deber legal de conservación da propiedade e os obxectivos do planeamento. Unha interpretación maximalista e desproporcionada dá a entender que cando o plan establece unha nova ordenación para un ámbito determinado, ou a remite a unha figura de planeamento ulterior, pretende con elo penalizar a utilización racional das edificacións existentes, que foron lícitamente construídas polos seus propietarios e con arreglo a un plan anterior. O interese público esixe que mentres non se inicie o proceso de execución do novo plan, non se impida a utilización racional das edificacións existentes, sempre que se manteñan dentro duns determinados límites e garantías.

Polo tanto, lonxe de desvalorizar o novo planeamento, o que se pretende con esta modificación é un dobre exercicio de responsabilidade en canto ao tratamento das edificacións existentes, que non poden quedar expostas ao abandono, á depreciación económica ou social, posto que existen dereitos patrimonializados polos seus

propietarios con arreglo a un plan anterior, e é o sentido común, ponderando a situación real de execución do planeamento, o que esixe regular a utilización racional das edificacións existentes coas debidas limitacións e garantías e de forma proporcionada aos obxectivos do plan sobrevido.

D. Rubén Cela di que resumidamente o que se pretende é formular unha modificación da normativa urbanística do vixente plan xeral de ordenación municipal no que atinxe ao réxime aplicable ás situacións de fóra de ordenación, ademais doutra referida ao uso comercial de locais anteriores á entrada en vigor do plan xeral de 1989.

Explica o concelleiro que a Lei 9/2002, de ordenación urbanística e de protección do medio rural de Galicia, tras a modificación sufrida coa aprobación da lei 2/2010, establecía basicamente que o réxime de fóra de ordenación se aplicaba aos edificios construídos con anterioridade á aprobación definitiva do planeamento urbanístico e que foran contrarios a este. Nos casos de que esa incompatibilidade fose total só se poderían autorizar obras de mera conservación, e as necesarias para o mantemento do uso preexistente. Se a incompatibilidade fose só parcial, poderían autorizarse a maiores obras parciais e circunstanciais de consolidación, como as de mellora, de reforma, e en casos xustificadas, de ampliación da superficie construída.

No caso concreto das construcións en solo rústico, unha disposición transitoria da lei permite obras de mellora e reforma sen incrementar a superficie edificada legalmente, aínda cando esas edificacións non cumprisen as condicións de uso e edificación establecidas na lei.

A Lei autonómica establece outra cousa -que non é menor- para o debate que hoxe nos trae aquí, xa que asimila a situación de fóra de ordenación ás edificacións que se tiveran construído sen licenza ou incumprindo as súas condicións, cando a infracción prescribira no prazo de seis anos.

No réxime de fóra de ordenación, o que se facía era primar o interese colectivo sobre o dereito individual de conservación da vivenda, de cara a limitar a vida útil do inmovible que non cumpre coas normas do planeamento, ó tempo que se impide o incremento do seu valor de expropiación ou de indemnización en futuribles actuacións de execución do planeamento.

É certo que esas delimitacións que non teñen ningún tipo de contraprestación poden ser un arma de dobre filo, porque se ben poden contribuir a non prolongar a vida útil de vivendas condenadas a desaparecer, mentres non o fan pódese estar a perpetuar situacións de abandono ou decadencia de inmobles, ou incluso, no caso de locais comerciais, precipitar aos seus peches. Cando pasan cousas así, é evidente que a norma

cumpre cunha parte dos seus obxectivos, pero tamén que é contraria noutros ao espírito da mesma.

Polo tanto, ao xuízo do grupo municipal do BNG, a regulación de fóra de ordenación non tería porque ser unha realidade inmutable, sempre que existan propostas enriba da mesa que globalmente a melloren, e a pregunta que se fai o concelleiro é se a proposta que hoxe se presenta o fai, cousa que dubida.

Prosegue a súa intervención o concelleiro dicindo que a lei de 2002 establece graos de incompatibilidade total ou parcial, aos que lles asigna diferentes niveis de tolerancia, e que á súa vez, a regulación de fora de ordenación no PXOM de Santiago ate agora non afectou á graduación das distintas situacións de incompatibilidade, polo que somete a un mesmo réxime a todas as edificacións disconformes. Ademais, o PXOM establece que nas edificacións rústicas anteriores ao plan, edificadas de acordo coa normativa do seu tempo, se permitirán obras de restauración, consolidación, rehabilitación e mesmo ampliación ate un 10%. Coa proposta que se pretende aprobar o que se fai é crear a nivel municipal diferentes reximes dentro do de fóra de ordenación, como son o estricto, o diferido ou transitorio, ou o disconforme. O primeiro deles resérvase para edificacións que ocupan en todo ou en parte solo afecto a dotacións públicas de sistema xeral ou local, no que só se autorizarían obras de conservación e reparación para o mantemento do uso preexistente, tamén para vivendas sen licenza ou incompatibles coas determinacións do planeamento. Pola súa banda, o diferido ou transitorio aplícase a edificacións pendentes dun plan especial ou parcial, pero ó estar pendentes de desenvolvemento, en teoría non se podería saber que grao de incompatibilidade terían co mesmo. Neses casos, o que propón o goberno municipal é permitir obras puntuais de ampliación e de incremento de volume, previa renuncia do interesado a percibir indemnizacións polo incremento do valor que puidera ter.

E por último, no que se podería chamar réxime disconforme, o que se propón para aqueles casos de disconformidade con determinados parámetros establecidos pola nova ordenación, son actuacións de ampliación ou incremento de volume ata cumprir os parámetros da ordenanza. Ademais, as edificacións construídas sen licenza quedan asimiladas á situación de fóra de ordenación estricta ou integral, coa particularidade de que só se autorizarían nelas as obras de conservación e consolidación, excluíndose expresamente as de rehabilitación.

En definitiva, o que se pretende coa proposta é unha revisión do PXOM, dos graos de incompatibilidade co plan, de modo que só nos casos máis graves haxa prohibición total, e no resto o maior grao de tolerancia en canto ás actuacións permitidas, así como que para nos ámbitos pendentes de ordenación se facilite unha solución supostamente transitoria mentres non se aprobe o plan parcial ou especial correspondente.



Noutra orde de cousas, e sen que teña nada que ver co anterior, propónse tamén a modificación do artigo 109.2.b), eximindo ós locais construídos xa existentes con anterioridade a aprobación do PXOM do 89, da obriga de cumprir cos requisitos de altura mínima establecidos en dito artigo, sempre e cando se adaptan ao resto de condicións esixidas, iso si, cunha autorización xenérica do uso comercial en calquera local.

A modo de conclusión, indica o concelleiro que a regulación da situación non é un tema menor, pois reviste gran complexidade e afecta a centos de familias de Santiago de Compostela. A normativa existente ata o momento en materia de regulación da situación de fóra de ordenación tiña toda ela un denominador común, cal era a prohibición xeral de realizar calquera obra de consolidación, aumento de volume, modernización ou incremento de valor de expropiación, e isto non era así por capricho. É certo que unha aplicación estrita, e sobre todo burocratizada, pode levar consigo unha prohibición demasiado indiscriminada de obras que poidan resultar en determinados momentos imprescindibles para o mantemento do uso preexistente nas debidas condicións de funcionalidade e seguridade, pero non é menos certo que se non fose por medidas como as contempladas ata agora para os casos fóra de ordenación, non sería posible avanzar cara unha ordenación real e acaída do noso urbanismo. Na práctica, esa función do planeamento urbanístico perde valor cando o que se aumenta é a posibilidade de valorizar máis as edificacións en situación de fóra de ordenación.

A Sra. Pardo fixo referencia na súa intervención á necesidade de buscar un equilibrio, aspecto no que o BNG está de acordo, pero pensando que o equilibrio a buscar é outro, e é o que se sitúa entre o dereito colectivo dos veciños e das veciñas de Santiago a disfrutar dun urbanismo ordenado, coherente e positivo, tanto para a actividade económica como sobre todo, para a vida das persoas, e o dereito individual de todos aqueles propietarios e propietarias que queren ter as mellores condicións de habitabilidade posibles. Non cree o sr. Cela que ese equilibrio se consiga cos cambios propostos, pois vai haber máis facilidades para facer obras en vivendas fóra de ordenación, pero calquera cambio no tratamento desta situación necesariamente terá que vir da man da modificación da normativa galega.

Pola contra, o cambio que se propón é unha modificación puntual do PXOM, pero non é unha proposta puntual do PP, senón que está inserida nunha estratexia máis global, que pasa pola reforma da ordenanza de publicidade, ou pola aplicación da nova ordenanza de terrazas, ou, como se intúe, na modificación do Plan Especial. En todos estes casos atopámonos con solucións puntuais a casos concretos, eliminando elementos da normativa existente ata o momento, flexibilizando as medidas de protección, e aumentando a arbitrariedade. Probablemente neste caso pase algo parecido, ó incluír na práctica novas excepcións ao mercado tanto na lei do solo como no plan xeral vixente. Polos motivos anteditos, e a pesar de atopar algún elemento puntual positivo na

proposta de modificación, adianta o concelleiro que o grupo municipal do BNG non emitirá un voto favorable á aprobación.

Dona Mercedes Rosón toma o uso da palabra, e di que lle gustaría que a sra. Pardo falara tamén dos pequenos matices que nesta aprobación provisional se plantexan con respecto ao texto aprobado inicialmente en xaneiro deste ano 2013. Estes matices teñen moito que ver co que o seu grupo manifestou naquela ocasión. De feito, a intervención da concelleira de urbanismo de fai un momento é practicamente unha contestación ao que o grupo socialista dixo daquela, e lembra a sra. Rosón cales foron os argumentos que xustificaron no mes de xaneiro o voto desfavorable do grupo municipal socialista. Di así a concelleira que a LOUG define perfectamente cales son os reximes de fóra de ordenación no noso territorio, e aquí o goberno con esta proposta acuña unha nova categoría, transitoria ou diferida, que vulnera o réxime previsto para as edificacións en situación de fóra de ordenación por total incompatibilidade coas determinacións do planeamento.

Para a Sra. Rosón, o que realmente o goberno está facendo é unha especie de xogo de mans, pretendendo excepcionar o obrigado cumprimento do réxime urbanístico derivado da lei, dos solos e do plan xeral que o desenvolve, a través desta modificación do plan xeral. Toda esta operación adoece dunha inconsistencia normativa que incorpora elementos de inseguridade xurídica, de vulneración dun réxime que está asentado na lexislación de forma moi clara. Así, a lei do solo de Galicia é moi nidia no relativo ao réxime de fóra de ordenación, cunhas marxes moi taxadas e de adecuación ás diferentes situacións que se dan, cun nivel de matiz que non teñen outras lexislacións autonómicas. Pensa a concelleira que esta administración municipal debería conducir todos os seus esforzos en impulsar dentro do lexislativo galego a parcial modificación da lei, reiteradamente presente en sucesivas leis de acompañamento dos orzamentos, e non meter ao concello nun longo proceso de tramitación xerador de falsas expectativas, de moi incerta materialización, porque pensa que vai a ser moi difícil e complicado defender o documento que hoxe o goberno municipal quere aprobar. Iniciativas deste tipo ilustran reiteradamente unha práctica de desvalorización da planificación urbanística, como se acaba de ver no tema anterior, no SUNP-31, con esa modificación e recualificación de dúas parcelas por unha nova tipoloxía de vivenda que está totalmente excluída dese plan parcial e de todos os que están nese entorno, e como se verá dentro dun momento coa ordenanza de terrazas e máis adiante con todo o proceso de reforma do plan especial.

Engade a concelleira que dende logo o voto do seu grupo non pode ser favorable a esta proposta, dado que non radica nesta instancia municipal a solución dun debate serio ao respecto do réxime de fóra de ordenación. Por suposto que é necesario solucionar os problemas e buscar un equilibrio, pero resulta que tan pronto chega o PP ao poder, todo vale, e non só en materia urbanística, senón en todos os ámbitos.

Rematado o debate, e de conformidade cos informes emitidos, a proposta da concelleira-delegada da área de desenvolvemento urbano e sostible, do día 13 deste mes de decembro, e o ditame favorable da Comisión de Urbanismo, Vivenda, Rehabilitación e Casco Histórico, correspondente á súa sesión do pasado día 17, o Pleno da Corporación acorda por 13 votos a favor, dos membros do grupo municipal popular, 8 en contra, dos membros do grupo municipal do PSdeG-PSOE, e 3 abstencións, dos membros do grupo municipal do BNG, polo tanto co voto favorable da maioría absoluta do número legal dos seus membros:

a) Aprobar provisionalmente a modificación puntual do Plan xeral de Ordenación Municipal no que atinxe ao réxime de FÓRA DE ORDENACIÓN (capítulo IX -artigos 218, 219 e 220- e 124.1), así como á redacción do artigo 109.2.d), segundo o proxecto formulado polo Concello de Santiago a través dos servizos técnicos da Área de Urbanismo con data de decembro de 2013.

b) Remitir a modificación aprobada, xunto co expediente administrativo tramitado, á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, para os efectos de que dite a resolución que proceda sobre a aprobación definitiva.

#### **4. RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO POR IMPORTE DE 38.712,38 EUROS.**

Dona Cecilia Sierra explica que con este recoñecemento se trata de dar continuación ao expediente iniciado no pleno do pasado mes de setembro, coa aprobación de facturas de anos anteriores a través da incorporación de crédito do remanente positivo de tesourería do ano 2012. Simplemente apróbanse os coletazos que quedan na medida en que as facturas se van aprobando. Neste caso trátase de 55 facturas dos anos 2008, 2009, 2010, 2011 e 2012.

Para Don Rubén Cela, que fala seguidamente, este punto non é outra cousa que a continuidade de algo que o Partido Popular xa aprobou no mes de setembro, e que aínda se debateu no pasado pleno do mes de novembro, polo tanto, a posición do Bloque Nacionalista Galego ao respecto está perfectamente fixada. O seu grupo entende que é evidente que as empresas teñen que cobrar os traballos realizados, pero tamén creen que se se xestionase isto doutro modo, non habería porque estar pagando hoxe deste xeito a maioría destes gastos, por iso o Bloque Nacionalista Galego, como en ocasións anteriores, absterase na votación.

Pola súa banda, Don Francisco Reyes entende a proposta como o remate dun longo proceso. A aplicación da doutrina do enriquecemento inxusto, baseada na xurisprudencia do Tribunal Supremo, obriga obviamente ao pagamento destas facturas, que foron

referencia duns traballos feitos e así está recoñecido no expediente. Polo incumprimento do disposto no artigo 187 da Lei de Facendas Locais, o artigo 65 do Real Decreto 500/1990, do artigo 74.2 da Lei 30/1992, e mesmo na lei de loita contra a morosidade, hai que acudir ó expediente que nos ocupa, para pagar as facturas que nel se inclúen. Obviamente o voto do seu grupo vai ser de abstención.

Dona Cecilia Sierra responde que no paquete de facturas a pagar están incluídas algunhas do ano 2008, por exemplo unha factura dun restaurante por 680 euros do día 3/3/2008, e pregúntase entón a concelleira a razón de que non fora pagada polo anterior goberno bipartito. O goberno entende non obstante que a súa responsabilidade é a de pagar os servizos prestados.

Don Francisco Reyes opón que cando se fala das facturas o que hai que explicar é a que fan referencia, porque esa factura de 684,80 euros citada pola concelleira corresponde a dezaseis ceas do día do patrono da policía local, extremo que debería explicar a Sra. Sierra, de igual modo que debería explicar porque van aló case dous anos e medio desta lexislatura sen telas pagadas, e polo tanto incumprindo a normativa. Resulta asimesmo sorprendente que haxa unha proposta de recoñecemento extraxudicial de crédito da unidade técnica municipal de urbanismo, onde existe só unha factura do 2009 e 2010, e todas as demais son do período de goberno popular, porque son de novembro de 2011, e despois do ano 2012, e en todas elas houbo unha falta de aprobación de gasto, e da reserva de crédito e demais requisitos establecidos nas bases de execución orzamentaria.

Para o concelleiro, o que está a facer o goberno municipal é misturar cos seus recoñecementos algunhas facturas procedentes da etapa anterior, que se entregaron obviamente no traspaso de poderes, pois xa é casualidade que cada vez que se presenta un recoñecemento de crédito a este pleno, sempre hai facturas de antes, resultando curioso que se atopen sempre nos caixóns facturas do período anterior, xusto cando hai que traer para o recoñecemento de crédito facturas do período actual. O que nunca fai o goberno é explicar exactamente a súa xestión, que na etapa do bipartito foi clara, nin dicir porque no listado de facturas que corresponden a este período houbo omisións na tramitación previa ao gasto, que motivaron a falta de aprobación do gasto e reserva de crédito e demais requisitos establecidos nas bases de execución orzamentaria. Está claro que o goberno non vai salvar os seus problemas de xestión, ou as súas ausencias de xestión dicindo que en períodos anteriores pasou isto ou pasou aquilo.

Para o Sr. Alcalde resulta curiosísimo que o grupo socialista se absteña na votación dun recoñecemento extraxudicial das súas facturas, porque 18.322 euros son da súa época. Apróbanse agora tamén por falta de tramitación administrativa do gasto daquela, e o peor é que siguen aparecendo facturas dos vinte e tantos millóns de euros de débedas que o goberno anterior tiña con provedores. Non entende o Sr. Currás como non lles cae a cara de vergoña ós concelleiros da oposición, pois a saber ata cando seguirán

aparecendo facturas, de modo que non vale contar todas esas historias de que as cousas antes se facían estupendamente e agora non, porque só compre lembrar que en numerosos pagamentos de obras se repite a expresión de que obedecen a indicación verbal do señor Rama.

De conformidade co oficio asinado o pasado día 18 de novembro pola Concelleira de Administración Pública e polo Sr. Interventor de Fondos Municipais, e tendo en conta o ditame favorable da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas, correspondente á súa reunión do día 17 de decembro de 2013, o Pleno da Corporación acorda por 13 votos a favor, dos membros do grupo municipal popular, e 11 abstencións, dos membros dos grupos municipais BNG e PSdeG-PSOE, aprobar o recoñecemento extraxudicial de créditos por importe de 38.712,38 euros, conforme á relación de facturas que acompaña ao expediente.

## **5. PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE DESENVOLVEMENTO URBANO SOSTIBLE, SOBRE CONCESIÓN DE BONIFICACIÓN NO ICIO Á FUNDACIÓN CATEDRAL DE SANTIAGO.**

A solicitude de concesión de bonificación no imposto sobre construcións, instalacións e obras, asinada por D. Daniel Carlos Lorenzo Santos, que actúa en representación da Fundación Catedral de Santiago de Compostela, foi presentada no rexistro do Concello o pasado día 23 de setembro, e informada do seguinte xeito por arquitectura municipal o día 15 do mes de novembro deste ano:

“Con relación ao expediente presentado pola FUNDACIÓN CATEDRAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, referente á solicitude de bonificación no Imposto sobre Construcións, Instalacións ou Obras relativa á licenza municipal nº LIC/508/2013 (restauración da fachada do Obradoiro da Catedral de Santiago), o técnico que subscribe INFORMA:

A Ordenanza Fiscal nº 1.04 do Concello reguladora do imposto sobre Construcións, Instalacións ou Obras, dispón textualmente no seu artigo 8.1 o seguinte:

“Establécese unha bonificación do 30% a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración a xuízo do Pleno da Corporación, co voto da maioría simple dos seus membros.

A declaración de especial interese ou utilidade municipal se producirá mediante solicitude do interesado acompañando informe ou memoria motivadora do especial interese ou utilidade municipal”.

As obras ás que fai referencia a solicitude de bonificación da FUNDACIÓN CATEDRAL DE SANTIAGO son as de restauración da fachada do Obradoiro da catedral de Santiago. Ditas obras están contempladas no PLAN DIRECTOR DO CONXUNTO DA CATEDRAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, (de data 8 de maio de 2009), redactado polo arquitecto D. Francisco Javier Alonso de la Peña e aprobado pola Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Santiago, na sesión do 27 de outubro de 2009.

O conxunto da Catedral de Santiago comprende a propia basílica (orientada en sentido leste-oeste) e o claustru catedralicio (apoiado no muro sur da basílica), así como as súas escaleiras exteriores, balaustradas, patios, fontes e demais elementos de interese da parcela.

Compre sinalar que o mencionado inmovible está declarado “Ben de interese cultural” segundo Decreto do 22/08/1896, (o que supón a máxima protección contemplada pola *lei de Patrimonio histórico español* e a *lei do Patrimonio cultural de Galicia*). Ademais atópase catalogado polo “Plan especial de protección e rehabilitación da cidade histórica (PE-1)” coa protección integral correspondente ao nivel 1, como edificio monumental e de valor excepcional, arquitectónico, histórico - artístico e cultural.

Conclúese polo tanto que no caso da intervención de restauración da fachada do Obradoiro da Catedral de Santiago procede a declaración de especial interese ou utilidade municipal das mencionadas obras, por concorrer circunstancias culturais e histórico-artísticas que xustifican tal declaración.”

Dona Cecilia Sierra expón que a Catedral de Santiago de Compostela foi declarada ben de interese cultural no ano 1896. A catedral está asociada a ún dos máis importantes fenómenos da historia medieval, o camiño de peregrinación que atrae a miles de peregrinos anualmente, o que a converte nun dos puntos de interese máis relevantes de Europa polo seu esplendor artístico e lugar de culto. O total de visitantes da catedral nos anos non santos estímase en dous millóns e medio, dos cales practicamente o 50% son estranxeiros.

A catedral é o corazón de Compostela. O seu ámbito de influencia é principalmente relixioso, pero tamén cultural, histórico-artístico, económico e social. Dende o punto de vista económico, hai serias estimacións de que directa e indirectamente representa o 25% do PIB galego. Supón tamén o símbolo identitario da cidade de Santiago, pola que é coñecida internacionalmente, tanto en Oriente como en Occidente.

O Concello de Santiago, consciente da importancia da conservación da basílica xacobeá, aprobou o plan director do conxunto catedralicio de Santiago de Compostela o 27 de outubro de 2009, tras as aprobacións preliminares do Cabildo da Catedral e da dirección xeral de patrimonio da Xunta, documento que posteriormente recibiu o visto bo do Ministerio de Cultura. O Plan director da catedral é un proxecto que marcará as directrices que van garantir a eficacia e rigor no desenvolvemento das obras de restauración e conservación da mesma. O plan ten o seu inicio en 2005, cando a Consellería de Cultura da Xunta de Galicia e o Cabildo da Catedral asinan un convenio de colaboración, e nel se establece un programa de actuación que contempla intervencións prioritarias, outras secundarias e actuacións de final en fachadas, cubertas, e torres, entre outras.

Despois dos citados antecedentes, di a Sra. concelleira que a proposta que hoxe trae a pleno está relacionada coa solicitude presentada pola Fundación Catedral de Santiago de Compostela de bonificación no imposto sobre construcións, instalacións e obras, relativa á licenza municipal 508/2003 da restauración da fachada da Catedral de Santiago que dá á praza do Obradoiro.

Neste sentido, a ordenanza fiscal 1.04, reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras, dispón textualmente no seu artigo 8.1 o seguinte: “establécese unha bonificación do 30% a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego que xustiquen tal declaración a xuízo do pleno da corporación, co voto da maioría simple dos seus membros. A declaración de especial interese ou utilidade municipal se producirá mediante solicitude do interesado, acompañado do informe ou memoria motivadora do especial interese ou utilidade municipal”.

Explica seguidamente a Sra. Sierra que as obras ás que fai referencia a solicitude de bonificación da Fundación Catedral de Santiago son as de restauración da fachada do Obradoiro. Ditas obras están contempladas no plan director do conxunto da catedral de Santiago de Compostela, redactado polo arquitecto Francisco Javier Alonso de la Peña e aprobadas en Xunta de Goberno na sesión do 27 de outubro de 2009. O conxunto da Catedral de Santiago comprende a propia basílica, o claustro catedralicio, así como as súas escaleiras exteriores, balaustradas, patios, fontes e demais elementos de interese na parcela. Hai que destacar finalmente que a Catedral está declarada como ben de interese cultural, e ademais está dentro do Plan especial de protección e rehabilitación da cidade histórica declarado co nivel 1 de protección, razón pola que se somete este punto a consideración do pleno da corporación.

Don Rubén Cela adianta que o Bloque Nacionalista Galego vai votar a favor desta proposta ao entender que é axustada ao que marca a normativa vixente. A Fundación

Catedral o que fai é solicitar unha bonificación do ICIO en base ás obras de restauración da fachada da catedral, unha bonificación do 30% á que ten dereito. Se toda a corporación entende que esa actuación é de especial interese é por cuestións do ámbito da importancia cultural e artística da catedral que non teñen discusión. Á parte de ser un ben de interese cultural, a catedral é o corazón e o centro da declaración de patrimonio da humanidade desta cidade e da declaración do primeiro itinerario cultural da Unión Europea, o propio camiño, o que está fóra de toda dúbida.

A Catedral de Santiago é moitas cousas, pero o que non é, por certo, é un edificio público, malia que o señor Feijoo fai uns días, cando falaba da sanidade pública galega, dicía que será tan pública como é a catedral, e salvo que o Partido Popular teña pensado nacionalizala, non estamos precisamente diante unha infraestrutura pública. En calquera caso, constitúe unha instalación de especial valor dende unha perspectiva patrimonial, cultural e artística, e forma parte esencial da nosa historia, non só como composteláns, senón como galegos.

Prosegue dicindo o concelleiro que o seu grupo non ten ningún inconveniente en recoñecer aquelas exencións ou bonificacións que legalmente lle asistan á igrexa católica ou a calquera outra confesión, pero ó igual que están a favor desta bonificación, opóñense radicalmente a que este concello siga sen cobrar o imposto de bens inmobles daqueles bens da igrexa de Santiago que non están afectos a ningunha exención das comprometidas nos acordos entre o Estado español e o Vaticano. Aproveita a ocasión o concelleiro para lembrar á Sra. Sierra que a pesares de que o regulamento do Concello fala de que o goberno ten a obriga de contestar as preguntas por escrito no prazo de quince días, o BNG plantexaba no mes de febreiro pasado unha pregunta por escrito a respecto dos edificios, bens e propiedades da igrexa católica en Santiago de Compostela que non estarían exentos do pagamento do imposto de bens inmobles, e sen embargo, non o pagan, sen que ata o momento houbera resposta a tal pregunta.

Don Francisco Reyes, que intervén a continuación, indica que o artigo 18.28 da Lei 50/1998 deu unha nova redacción ao artigo 104 da Lei de Facendas Locais, introducindo no seu apartado 2 a posibilidade de que mediante ordenanza fiscal as entidades municipais poidan regular unha bonificación da cota do imposto a favor das construcións, instalacións e obras que polo seu especial interese ou utilidade municipal fosen merecedoras dunha protección singular. Dita modificación pasou a ser incluída, por mor da lei 51 do 2002, no artigo 104.2.a da Lei de Facendas Locais, e actualmente atópase recollida no artigo 103.2.a da mesma lei. Segundo a doutrina científica, con esta bonificación veu a abrirse a posibilidade de corrixir a imposibilidade de aplicar beneficios fiscais ás obras autorizadas no patrimonio histórico español, pois a normativa, segundo a xurisprudencia, non autorizaba o recoñecemento de beneficio fiscal algún no ICIO. O certo é que como ben explicou a concelleira de facenda, estamos diante deste suposto e non diante do regulado en base ao acordo asinado co



Vaticano no ano 1979. Da configuración legal deste beneficio chama a atención unha circunstancia que non se dá noutros supostos deste artigo, e é concretamente o feito de que se vincule a que as construcións, instalacións ou obras sexan declaradas previamente de especial interese ou utilidade municipal, o que deberá acordarse polo Pleno da Corporación, previa solicitude do suxeito pasivo. Isto significa que o mecanismo habitual de recoñecemento de beneficio pola autoridade executiva correspondente substitúese aquí ao vincularse directamente a ela por unha declaración de interese emanada do Pleno do Concello, declaración que versa sobre unha materia distinta da propia execución, e que poderá ter outros efectos, ademais dos meramente tributarios. Polo tanto, di o Sr. Reyes que hai que ter en conta que o acordo que se vai adoptar vai ter máis alcance e probablemente outras consecuencias máis alo desta modificación fiscal.

Dende o punto de vista obxectivo, a bonificación vincúlase á concorrencia nas construcións, instalacións ou obras, de circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento de emprego que teñan un especial interese ou utilidade para o municipio. Autores como Aragonés Beltrán insisten en que a concesión da bonificación conleva unha ampla discrecionalidade, polo tanto, o que hoxe imos aprobar contempla para a doutrina xurídica tal nota, o que obriga a que haxa que motivar debidamente o acordo a adoptar. Para iso, a organización mundial do turismo define o patrimonio turístico como o conxunto potencial coñecido ou descoñecido dos bens materiais ou inmateriais a disposición do home, e que poden utilizarse mediante un proceso de transformación para satisfacer as súas necesidades futuras. Tamén a decisión 14-19 de 1999, da Comisión Europea do Parlamento, pola que se establece unha acción comunitaria en favor da manifestación capital europea da cultura para os anos 2005 a 2019, considera dentro da lista indicativa de criterios de planificación e avaliación, o feito de desenvolver un turismo cultural de calidade e innovador, tomando en consideración a importancia que neste contexto reviste unha xestión duradeira do patrimonio cultural e a conveniencia de conciliar as aspiracións dos visitantes coa das poboacións locais. Asemade, a resolución do Consello e dos representantes dos gobernos dos Estados membros da Unión Europea sobre un programa comunitario de política e actuación en materia de medio ambiente e desenvolvemento sostible, deixa clara importancia do desenvolvemento turístico para a economía comunitaria. Neste caso, o turismo contéplase como un sector en expansión que debe mostrarse protector dos valores culturais e naturais.

Ademais, neste sentido, a cuantificación económica que se podería facer no noso caso, mesmo simplemente cunha búsqueda bibliográfica, ten como resultado que cun gasto medio de 20 euros e 7 días de media de peregrinaxe resultan uns ingresos de case 16 millóns de euros, e que algo menos do 10% dos turistas que recibe Galicia teñen motivación relixiosa, pero que o 45% dos mesmos turistas que visitan Galicia están relacionados co Camiño de Santiago, e que cun gasto medio diario de 100 euros, máis

os 7 días de estancia de media, suporían polo número de peregrinos arredor de 350 millóns de euros. Por todo o que acaba de apuntar o concelleiro, o seu grupo entende que está suficientemente xustificada a aprobación deste recoñecemento de interese patrimonial e polo tanto da bonificación en cuestión.

De conformidade co informe transcrito, a proposta da concelleira-delegada da área de desenvolvemento urbano e sostible, do día 5 deste mes de decembro, e o ditame favorable da Comisión de réxime interior, correspondente á súa sesión do pasado día 17, o Pleno da Corporación acorda por unanimidade conceder á Fundación Catedral de Santiago de Compostela a bonificación fiscal prevista no artigo 8.1 da ordenanza fiscal reguladora do imposto de construcións, instalacións e obras (ICIO), en relación coa Licenza 508/2013, por concorrer circunstancias culturais e histórico-artísticas que xustifican tal declaración.

## **6. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE RELATIVA A DETERMINADOS ASPECTOS DA ORDENANZA DE TERRAZAS E QUIOSCOS DE HOSTALERÍA.**

A proposición presentada polo grupo municipal socialista con data 13 de decembro de 2013, núm. 243, ten o seguinte contido:

### **“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O Grupo Municipal Socialista ten manifestado en reiteradas ocasións o seu absoluto desacordo coa ordenanza reguladora das terrazas e quioscos de hostalería aprobada por este goberno do PP por entender que, ademais de vulnerar claramente unha norma de rango superior como é o Plan Especial de Protección e Rehabilitación da Cidade Histórica, suscita ben ás claras moitos interrogantes. Un ano despois da entrada en vigor desta ordenanza as nosas manifestadas sospeitas quedan claramente confirmadas no tocante fundamentalmente á protección do interese público e a prioridade de protexer a nosa cidade histórica desde o punto de vista urbanístico, de interese histórico-patrimonial e ambiental.

Esta norma só serve para liberalizar e flexibilizar o uso do espazo público e privado, xa que non ordena, non garante o uso correcto do espazo público e acentúa a arbitrariedade e a inseguridade, dando marxe á discrecionalidade. Non respecta as singularidades dunha cidade Patrimonio da Humanidade como é a nosa e o privado invade claramente o público, parcelando abusivamente os seus magníficos espazos públicos.

O Grupo Municipal Socialista ten outro modo de entender os usos que hai que dar ao espazo público, ao tempo que considera que o Concello ten a obriga de transmitir aos cidadáns a seguridade xurídica e a igualdade ante a norma. Por todo iso é polo que xa

advertiu antes da súa aprobación das consecuencias que ía ter, que agora visualizamos. A realidade da súa aplicación visualizámola na concesión de licenza da terraza con pechamento estable que se está a instalar na Porta Faxeira. Unha terraza que incumpre o Plan Especial en vigor, pois altera o volume e a fachada do edificio invadindo o espazo público.

O goberno do PP tramitou esa licenza sen o estudo, informe e autorización da ponencia e da comisión asesora do Casco Histórico, baseándose na aprobación dunha ordenanza que xerarquicamente é inferior ao Plan Especial. Esta concesión está a provocar unha gran incerteza e preocupación entre a cidadanía que o grupo socialista comparte polas dúbidas a respecto do procedemento levado a cabo na súa tramitación. Por todo isto é polo que solicitamos a aprobación polo Pleno da Corporación das seguintes PROPOSTAS:

- 1.- Que se revise escrupulosamente a licenza da terraza que se está a instalar na Porta Faxeira e se inspeccione a execución da obra.
- 2.- Que se inicie a tramitación dunha modificación da ordenanza de terrazas e quioscos de hostalería que subsane todas e cada unha das cuestións formuladas na exposición de motivos desta proposición.
- 3.- Que mentres non se aprobe a mencionada modificación sexa a Comisión Asesora da Cidade Histórica a que informe todas e cada unha das solicitudes de concesión de licenzas de terrazas con pechamento estable e quioscos permanentes no ámbito do Casco Histórico.”

Inicia o debate a concelleira Dona Mercedes Rosón, e indica que cando en decembro de 2011 o goberno do Partido Popular trouxo a este pleno a aprobación inicial da ordenanza de terrazas e quioscos de hostalería, o grupo municipal socialista denunciou a falla de rigor do documento, os numerosos erros, e sobre de todo a escala para a que estaba concebida. Era a ordenanza de Madrid trasladada á cidade de Santiago de Compostela, sen ter en conta as características dunha cidade patrimonio da humanidade doutra medida e proporción, sen ter en conta a súa traza medieval, os seus espazos públicos, as súas prazas barrocas, e sen ter en conta o seu Plan Especial.

Dende aquela, esta normativa aprobouse definitivamente a toda présa, facendo oídos sordos ás alegacións que moitos colectivos e veciños/as fixeran. Pouco máis tarde, e como consecuencia dunha ducia de decretos de dubidosa legalidade, foi necesaria a súa modificación, aprobada definitivamente fai escasamente dous meses, en setembro deste ano.

Dende o principio, o grupo socialista denunciou que esta normativa provocaría unha abusiva ocupación do espazo público, e hoxe, uns meses despois, o podemos comprobar con claridade. Daquela puxeron de manifesto as súas sospeitas sobre a finalidade desta ordenanza, as razóns das súas carencias, a permisividade e a invitación á arbitrariedade que se encerraba no seu texto, facendo referencia aos aspectos técnicos, aos aspectos de xestión, aos aspectos políticos, e mesmo ás perversas intencións que se albiscaban dende o primeiro día que o texto lles foi presentado.

O grupo socialista -prosegue a concelleira- non deixou pasar ningunha ocasión en que a normativa veu a este pleno, para botar en cara ó goberno o que de seguro ían facer con ela. Hoxe xa non só son os concelleiros socialistas os que o fan, senon que a eles únense os técnicos do Colexio de Arquitectos de Galicia, que no seu momento presentaron alegacións á ordenanza que non foron contempladas en ningunha medida, os cidadáns de Compostela, e os veciños de Porta Faxeira, os que ven con asombro que todas as iniciais sospeitas só anunciaban a realidade.

Agora son os propios veciños os que se ven obrigados a denunciar a situación, porque o actual goberno local fai normativas para saltalas. Resulta curioso que esta ordenanza se salte o Plan Especial, unha normativa de rango superior, e que ao mesmo tempo conculque a normativa aprobada e tramitada polo actual goberno nun artigo moi claro da mesma, no que di: “ en espazos de alta concentración de terrazas ten que facerse un tratamento conxunto”. Probablemente Porta Faxeira sexa o espazo de toda a cidade histórica onde exista máis concentración de terrazas, e onde existe o maior fluxo de mobilidade de entrada e saída da cidade histórica. A licenza concedida en Porta Faxeira, que autoriza unha terraza pechada, levanta moitísimas dúbidas e incumpre a normativa vixente, porque claramente tiña que pasar pola ponencia técnica e pola Comisión Asesora do Patrimonio da Cidade Histórica, tal e como xustifica o técnico municipal no seu claro informe do día 20 de maio de 2013, na súa páxina 4.

Prosegue explicando a Sra. Rosón que este proxecto altera considerablemente a percepción da fachada e da praza, ocultándoa totalmente na súa planta baixa. Non estamos falando de ocupación, nin de usos, nin de propiedades, senon do sentido que ten a comisión de casco histórico, dos aspectos artísticos, históricos e arquitectónicos do conxunto histórico, que é precisamente o que xulga e o que tutela a comisión de patrimonio da cidade histórica, e a súa ponencia técnica, non o uso. Lévanse rótulos á comisión e resulta que esta estrutura non pasa por ela...

Resulta curioso que non exista ningún informe técnico municipal favorable, e é máis, o que existe é desfavorable, e recolle un montón de aspectos desfavorables que non foron corrixidos no último documento incorporado ao expediente, como o de que impide o tránsito peonil, tapa sinais de tráfico, afecta ao cumprimento da normativa de incendios, e sobre todo, incumpre o Plan Especial da cidade histórica, que prohíbe expresamente,

tal e como recorda tamén o informe técnico, a instalación de marquesinas na cidade histórica. No recinto intramuros, no que está esta terraza, incluso prohibe os toldos, salvo os que existían antes da aprobación do Plan Especial. Afirmo a sra. Rosón que o instalado é máis que unha marquesina, xa que está apoiada no espazo público, e anclada sen piedade perforando lousas importantes que hai moi poucos anos se urbanizaron. Resulta curioso como o 4 de xullo deste ano a Xunta de Goberno acorda unha encomenda de xestión ao Consorcio para informar as terrazas da cidade histórica, pois nunca na historia do Consorcio se tramitara ningún tipo de licenza, nin ningún tipo de papeis administrativos, pois a oficina técnica do Consorcio se adicaba a outras cousas, e resulta curioso que tendo neste momento un importante número de arquitectos e de estrutura administrativa dentro do departamento de urbanismo, se lle encomende a xestión ao Consorcio da Cidade para que informe estas terrazas. E como consecuencia desta encomenda de xestión, aparece un informe técnico dun arquitecto do Consorcio, do día 18 de xullo que informa favorablemente este proxecto, dicindo que cumpre todas as condicións e determinacións da ordenanza e indicando que todas as deficiencias técnicas observadas polo técnico municipal quedaron subsanadas a través dun novo proxecto presentado polos promotores, todo iso sen documentar debidamente.

Pensa a concelleira que ese informe non ten validez se non está acompañado da sinatura dun técnico municipal, dun funcionario público, e a pesar diso, a concelleira, con todos eses incumprimentos concede a licenza, o que no Código Penal ten un nome.

Polo anteriormente exposto, o seu grupo, na proposición presentada, insta en primeiro lugar a que se revise escrupulosamente a licenza da terraza que se está a instalar na Porta Faxeira e se inspeccione a execución da obra, como xa pediron por escrito en reiteradas ocasións. En segundo lugar, que se inicie a tramitación dunha modificación da ordenanza de terrazas e quioscos de hostalería que subsane todas e cada unha das cuestións formuladas na exposición de motivos da proposición, e por último, que mentres non se aprobe a mencionada modificación sexa a Comisión Asesora da Cidade Histórica a que informe todas e cada unha das solicitudes de concesión de licenzas de terrazas con pechamento estable e quioscos permanentes no ámbito da cidade histórica.

Intervén seguidamente Don Rubén Cela, que indica que fai ano e medio o goberno municipal aprobaba aceleradamente, facendo uso e abuso unha vez máis do trámite de urxencia, sen diálogo cos grupos da oposición ou con outros axentes sociais da cidade, a nova normativa de terrazas, na que tampouco se tiveron en consideración recomendacións tan cualificadas como a do colexio de arquitectos, ás que se fixeron directamente ouvidos xordos. Daquela o que o goberno propoñía era un cálculo da lexislación madrileña, que pouco ou nada ten que ver coa realidade de Compostela, especialmente nun ámbito tan sensible como o que hoxe nos ocupa, o das terrazas e moi concretamente o das terrazas con pechamentos estables. A mellor mostra do mal feita que estaba aquela ordenanza foi comprobar como o goberno tivo que aprobar nada máis

e nada menos que dez decretos modificativos da mesma en pouco máis dun ano, decretos que en moitos casos non foron precisamente interpretativos, senón claramente modificativos do espírito e das prescricións da ordenanza; de aí chegamos ao mes de xullo deste ano, onde o grupo popular directamente trouxo a debate e á aprobación neste pleno unha modificación total da ordenanza. A efectos prácticos, durante todo este período non se ten producido ningunha mellora salientable neste ámbito, pero si que comezan a verse algunhas cousas que deberan estar desterradas nunha cidade como a nosa. Unha boa mostra é a citada terraza con pechamento estable entre a Porta Faxeira e Avda. Figueroa. Esta terraza é un exemplo do que está a supor o goberno do Partido Popular para esta cidade, un xigantesco paso para atrás. Nese mesmo enclave todos e todas lembramos unha terraza ilegal na cafetería Alameda que se conseguiu retirar precisamente despois de non pouco esforzo.

Hoxe, sen embargo, o goberno local restaura aquela ilegalidade dándolle un viso de legalidade amparada na ordenanza, legalidade cuestionada abertamente incluso polo colexio de arquitectos de Santiago, por entender que entra en contradición co plan especial, ao seu ver pola porta de atrás, e cunha normativa de rango inferior como é esta ordenanza de terrazas. O grupo popular por esta vía modifica o espírito e o fondo do Plan Especial, pero é ben sabido que unha ordenanza, non pode modificar unha norma de rango superior.

En calquera caso, manifesta o Sr. Cela que non será el o que afirme se isto é legal ou ilegal, pois para iso están outras instancias, agora ben, si que dirá o que non lle parece correcto de todo o proceso.

Así, en primeiro lugar non considera axeitado que un proxecto destas características non se sometese ao ditame da Comisión Asesora do Casco Histórico, pois fora imprescindible ou non, dende o seu punto de vista era e é necesario. O seu grupo non está de acordo co feito de que só as terrazas instaladas en solos privados teñan que pasar por esa comisión, e que non o teñan que facer aquelas -como é o caso- que implican unha alteración do volume e da fachada do edificio, invadindo o espazo público, máxime se se fai nun entorno especialmente sensible e importante para a cidade como é este. En segundo lugar, o concelleiro tampouco considera apropiado o feito de que o Concello realice unha encomenda ao Consorcio para que sexa este o que informe as solicitudes das terrazas na zona histórica e non se faga directamente cos técnicos do Concello, e en terceiro lugar, cree o Sr. Rego que o resultado final é moi negativo.

Hoxe se permite unha estrutura que banaliza e empobrece o entorno dunha das principais entradas ao casco histórico dunha cidade patrimonio da humanidade, e o problema non remata aquí, senón que comeza neste punto, porque esta actuación abriu a expectativa para outros hostaleiros que toman nota, e a que razóns vai acudir entón o goberno para denegar outras cando para esta non serviron nin as razóns de seguridade.

O grupo municipal do BNG considera que unha ordenanza de terrazas deberá garantir entre outras cousas un axeitado uso dos espazos públicos, cunha especial fixación no coidado estético da cidade, e a preservación do seu patrimonio. A ordenanza en vigor, aprobada por este goberno, dende o seu punto de vista dista moito diso, e máis que regular e ordenar, no que se centra é en liberalizar aínda máis os usos dos espazos públicos. É ó seu ver unha norma mala, arbitraria, discrecional e que non está a altura dunha cidade como Santiago de Compostela.

A señora Pardo contestáballe fai uns días nunha tertulia que esta non era unha decisión técnica, senón unha decisión política, pero o que é é unha decisión arbitraria, e sobre de todo unha decisión profundamente trabucada. O dono dese establecemento ten motivos para estar moi contento coa concelleira de urbanismo, pero a pregunta é se teñen motivos para estar contentos os donos e usuarios dese espazo público, é dicir, os veciños e veciñas da cidade de Santiago, e a resposta evidentemente é negativa.

Manifesta Dona María Pardo Valdés que o grupo socialista e o BNG a acusan de aplicar políticas liberais e de restrición de dereitos dos cidadáns non somentes neste tema, senón noutros temas anteriores, en contra das políticas “manu militari” e intervencionistas da esquerda. Quéixase de que novamente teña que atender as queixas do grupo socialista sobre a ordenanza de terrazas, aprobada neste pleno seguindo o procedemento legalmente establecido. Por certo, a pretensión reiterada da Sra. Rosón de traer este tema e solicitar a modificación ou retirada da ordenanza, sería incomprendible se non se contextualizara co comportamento que sobre este tema tivo o partido socialista no pasado, que foi de negligencia absoluta. O que resulta máis grave é que calquera diría que a Sra. Rosón nin se molestou en ler a ordenanza, porque as súas reclamacións raian no absurdo.

Santiago é unha cidade eminentemente turística, na que miles de persoas viven dos bares, restaurantes, cafeterías, traballan nos hoteis e no comercio, orientados a atender as demandas dos turistas. O turismo é tamén un dos motores esenciais que manteñen a actividade do aeroporto, convertendo a Compostela na porta de entrada a Galicia, e o principal motivo para visitar a nosa comunidade. Foi por iso sempre chamativo o escaso interese que tivo o anterior goberno en desenvolver aspectos esenciais desta cidade turística e en particular da hostaleira, que é unha das nosas principais fontes de riqueza.

A regulación das terrazas era, antes da vixente ordenanza, escasa e confusa, pois non se facía fincapé na calidade do mobiliario, esencial se queremos manter o casco histórico nunhas condicións de ornato acorde coa súa monumentalidade. Tampouco se limitaba adecuadamente a ocupación de mesas e sillas, dando lugar a un enorme desorde nalgunhas zonas da cidade, nin se posibilitaba innovar o sector, dado que non se

permitían terrazas que hoxe son habituais en moitas outras cidades, tanto españolas como moitas delas cidades patrimonio, como no resto de Europa.

A situación era tan lamentable que durante máis de dúas décadas o vello restaurante Alameda na Porta Faxeira disfrutou dunha enorme terraza sen contar para elo con autorización, nin pagar taxas, terraza que só foi retirada ao final do período do goberno bipartito tras máis de trinta anos en funcionamento. Esta terraza, así como a do Hostal da Praza do Obradoiro, tiñan terían elementos estables que non se permitían na normativa daquela vixente, o cal non deixa de ser unha enorme arbitrariedade, porque os anteriores gobernos consentiron durante catro lustros unha ocupación do espazo público dunha terraza pechada sen pagar taxas ao Concello.

Consciente destes problemas, o actual goberno acometeu fai máis de dous anos a reforma destas actividades, contando cos señores afectados, forma habitual de traballar da súa concellería, que ten por costume escoitar aos cidadáns en contra da arrogancia permanente do grupo socialista demostrada durante os seus anos de goberno.

A vixente ordenanza logrou que no seu primeiro ano as terrazas presenten un aspecto máis ordenado, unha mellora da estética de moitas delas, a pesar das prórrogas concedidas para renovar o mobiliario, atendendo á excepcional situación de crise que padecemos. En definitiva, as terrazas agora presentan unha mellor delimitación do espazo ocupado, colocándose elementos que as aíllan, como mámparas ou xardineiras, e iso foi posible grazas á colaboración dos empresarios do sector, que acolleron con entusiasmo as melloras que para a cidade e para os seus negocios supón esta ordenanza, debido a que eles souberon entender o que o partido socialista aínda non logrou comprender.

No que se refire aos quioscos independentes, está xa en construción e próxima á súa inauguración a cafetería da Alameda. O actual goberno local, en menos de dous anos e en plena crise, recuperou un servizo que o bipartito intentou sen éxito e durante os anos de bonanza económica, e non só iso, pois a nova cafetería será un edificio atractivo, lixeiro e sostible, asinado por un dos máis coñecidos e prestixiosos arquitectos galegos, e que elimina a horrenda churrería que danaba coa súa presenza o banco do palco da música.

Engade a concelleira que a capacidade e desexo de diálogo do actual goberno municipal permitiu mellorar a ordenanza tras o seu primeiro ano de rodaxe, porque a normativa é algo vivo que debe adaptarse á realidade dos cidadáns, e se o lexislador, unha vez comeza a aplicarse a norma, atopa aspectos mellorables, faría mal en non trasladalos inmediatamente para o beneficio de todos os cidadáns.



O aspecto desta ordenanza que tardou máis tempo en desenvolverse foi o das terrazas estables, ata agora prohibidas nesta cidade, agás para o Hostal dos Reis Católicos ou para o vello restaurante Alameda, e que forma parte da paisaxe da maioría das cidades galegas, españolas e europeas, incluso en cidades que goberna o PSOE, como en Coruña ou o Bloque Nacionalista Galego en Pontevedra. Non obstante xa se autorizaron algunhas como a de “Pecaditos” en Porta Faxeira ou a do pub “Momo” na Virxe da Cerca, mentres se están a tramitar outras.

Precisamente a estúpida polémica provocada por algúns, con todo tipo de mentiras e falsidades con respecto á terraza do restaurante Pecaditos, motivou esta intervención sobre esta terraza, da que compre facer algunhas puntualizacións:

Dende o primeiro momento, cando somentes se podía ver a estrutura das vigas da terraza, a oposición apresurouse precipitadamente a mostrar as súas críticas inxustificadas. Así desta nova terraza díxose que estaban construíndo a súa estrutura en aluminio, o cal non está permitido neste ámbito, díxose que supón unha privatización do espazo público, díxose que se volve a instalar unha terraza ilegal que o anterior goberno mandou retirar, e se dixo que debería ter pasado a terraza pola Comisión asesora da cidade histórica, ou que tería que ser obxecto dunha concesión.

Opón sen embargo a Sra. Pardo que a estrutura da terraza non é de aluminio, senon de aceiro lacado en branco, para que combine perfectamente coa carpintería branca do edificio ao que se adosa, esixencia do arquitecto que informa habitualmente os expedientes da cidade histórica. Todo o resto dos materiais da terraza son igual de nobres, madeira para a tarima, tela para o toldo, e nada de materiais plásticos, nada de PVC, e nada de aluminio.

Con respecto á tan traída e levada privatización do espazo público, tíltaa a concelleira de pura demagogia, que insulta a intelixencia de quen o afirma e os ouvidos de quen o escoita, pois se trata dun uso de terraza idéntico ó concedido aos restantes centos de terrazas que dende sempre se instalaron nesta e noutras cidades. O permiso concedeuse por cinco anos, e aboarán por ese uso un canon ao Concello, de acordo co establecido pola ordenanza de terrazas, depositándose asemade unha fianza polos desperfectos que os soportes puideran causar tras a súa retirada.

Díxose que a terraza modifica a fachada do edificio onde se atopa o local, sen embargo a concelleira afirma que nin sequera toca a fachada, como calquera pode comprobar, de feito non se verá afectado ningún ben protexido. No que atinxe á recuperación da antiga terraza, só se pode dicir que moitos composteláns estaban reclamando que esta cidade tivera espazos como este, que se poidan disfrutar todo o ano, ao igual que ocorre na maioría das cidades españolas e de Europa. Para a autorización deste tipo de terrazas primeiro tramitouse unha norma que as regulase, cousa moi distinta á que fixo o PSOE,

que agora presume de retirar unha terraza que cualifican de ilegal, pero que deixaron que estivera instalada na vía pública durante máis de tres lustros, sen tan sequera cobrar un canon por este uso do dominio público para un negocio de hostalería.

Con respecto ás cuestións procedimentais, manifesta a concelleira que a ordenanza de terrazas establece que só deben pasar pola comisión aquelas terrazas fixas que están en solo privado, e a razón é porque as terrazas en solo privado non son unha simple ocupación do espazo público que non xenera dereitos adquiridos, senon auténticas licenzas que amplían os locais e xeran dereitos, é dicir, que quedan para sempre, e non por un período limitado, e por iso é necesario unha regulación diferente, por iso a ordenanza establece que a autorización de terrazas estables será por medio dun permiso de ocupación de vía pública como as demais terrazas. A principal diferenza entre as terrazas estables e as outras é que as primeiras precisan dun proxecto de arquitecto, precisamente o que se fixo en Porta Faxeira.

Por outra banda, a concesión previo concurso público só se esixe para os quioscos independentes, como o que se está a construír na Alameda, e a razón é obvia, pois unha cousa é a ocupación dun solo para un local autónomo e outra moi distinta colocar unha terraza nunha porta dun establecemento existente.

Por último díxose que unha ordenanza de terrazas non pode modificar o plan especial de rehabilitación e protección da cidade histórica, o cal é unha obviedade, e por este motivo a ordenanza non modifica o plan especial, máis ben o respecta escrupulosamente, o que ocorre é que en materia de terrazas o plan especial apenas regulaba nada, pois precisaba o desenvolvemento dunha ordenanza específica, que entrou en vigor fai case dous anos.

En relación á necesidade de someter a instalación da terraza a ditame da Comisión asesora do Casco, a concelleira, dirixíndose ao grupo socialista, pregunta se eles pasaron pola comisión o edificio que construíron en Belvís, nun parque da cidade histórica para o uso deportivo, ou as modificacións da Praza de San Clemente, a terraza do Obradoiro, ou os quioscos de aluminio colocados por todo o casco histórico.

Don Rubén Cela, en relación ó que Dona María Pardo cualifica de “estúpida polémica”, agarda que a concelleira non chame estúpidos a todos os veciños e a todas veciñas, entre os cales se inclúe, que se escandalizaron ante esta actuación, porque estaría a chamar estúpidas a moitas persoas desta cidade.

A concelleira facía referencia á importancia do sector hostaleiro, ao sector do turismo e á relevancia que ten iso na nosa economía local e na creación de postos de traballo. Ninguén vai negar unha cuestión que por outra parte é unha obviedade cando estamos a falar do 25 ou o 30% do produto interior bruto local, entorno a 3000 persoas traballando

directa ou indirectamente vinculadas a estes sectores, pero a pregunta é onde está o límite, porque nesta materia tamén hai que gardar outro equilibrio, entre o lexítimo desexo dun empresario, neste caso do ámbito da hostalería, de querer progresar, de querer que renda máis o seu establecemento comercial, e unha das vías é ampliandoa zona onde pode realizar o seu traballo, co dereito dos veciños e veciñas de Santiago a disfrutar do patrimonio público, que é de todos e todas.

A Sra. Pardo facía referencia na súa intervención a outras latitudes, a outras cidades, mentres o Sr. Cela argumentaba que un dos pecados capitais cos que naceu a normativa de terrazas era precisamente ser un calco da de Madrid, pero Santiago non é o paseo do Prado, Santiago tampouco é París, e dende logo, instalacións permanentes que existen noutras cidades, e que neses contextos poden ser moi acaídas, non se prestan a outro tipo de localizacións, e dende logo non nunha cidade histórica como a de Santiago de Compostela.

O seu grupo opina que esta actuación, e o conxunto da ordenanza son un clarísimo paso cara atrás, que existe un incumprimento claro ao non pasar pola Comisión de Casco histórico a instalación da terraza, pois nos atopamos con que condiciona dende logo volumes e fachadas. Por outra banda, cuestiona o concelleiro a necesidade de que este tipo de actuacións teña que estar supervisadas polo Consorcio, e sobre todo considera que sería imprescindible que foran avaliadas por técnicos municipais, non do Consorcio, pois non é correcto que unha actuación deste tipo se poida solventar cunha encomenda de xestión a un organismo externo propio do Concello.

O único certo da intervención da Sra. Pardo é que estamos diante dunha decisión política, que toma o Partido Popular, que quería, polas razóns que fosen, que aí volviera haber unha terraza desas características e fixo o posible para que iso fose así. Esa decisión política ademais está amparada nunha visión ideolóxica de fondo dun liberalismo sen fronteiras, que agarda o Sr. Cela non se traslade á revisión do Plan Especial. Sistemáticamente o goberno está primando intereses particulares sobre os intereses públicos e colectivos da cidade, e neste caso temos un exemplo moi claro, que ogallá fora o último, pero que por desgraza non o vai ser, e pregunta o concelleiro que vai pasar cando se empecen a solicitar de xeito masivo instalacións deste tipo, acadando un resultado profundamente contrario a todo o traballo que se ten realizado en materia de preservación, conservación, posta en valor e defensa do noso casco histórico, un dos maiores patrimonios colectivos que temos.

Para Dona Mercedes Rosón o realmente grave é o último que acaba de citar o Sr. Cela, pois o exemplo que o seu grupo acaba de denunciar abre unha espita imposible de frear se non se fai algo.

Di a concelleira que o informe técnico do funcionario municipal é bastante nido, fala de que cousas teñen que ir e que cousas non teñen que ir á comisión de casco histórico, e conclúe que teñen que ir a ela os proxectos de urbanización e de obras ordinarias nos espazos públicos catalogados, e por certo ningunha desas prazas das que falou a sra. Pardo referíndose á etapa anterior está catalogada.

Sobre a terraza do Hostal dos Reis Católicos, á que a concelleira de Urbanismo se refire constantemente para defender a licenza que outorgaron no mes de setembro, explica a Sra. Rosón que o proxecto da terraza do hostal por suposto que pasou pola Comisión de casco histórico, e obrigóuselle daquela, a principios do ano 2000, a Paradores de España, a facer o plan director do Hostal dos Reis Católicos por ser un BIC, e unha das accións de todas as que se plantexaban por parte do Hostal foi a incorporación desta terraza, que non esquezamos que se trata dun espazo privado e non público, que non está pechado como a terraza de Porta Faxeira. Opina pois a Sra. Rosón que todos os argumentos que utilizou a concelleira de urbanismo son falsos en moi boa medida, pois dicía que o vello restaurante Alameda non pagaba a correspondente taxa, porque si que o facía, e o Concello fixo daquela un esforzo moi grande para negociar coa propiedade e retirar todos eses elementos que durante moitos anos efectivamente estiveron fóra de ordenación.

A seguir, a concelleira afirma que os membros do goberno popular son incapaces de gobernar a cidade, e que lles gustaría moitísimo que non houbera ningunha norma, o que constitúe o máis grave dos problemas que ten aquel partido. Isto no caso da ordenanza de terrazas tamén é tremendamente revelador, porque a concelleira de urbanismo di que as normas son elementos vivos, que hai que modificar, o que pasa é que en menos dun ano a Sra. Pardo asinou decretos que claramente modificaban a normativa aprobada, co obxecto de resolver temas de interese particular. O goberno municipal está constantemente preso de cuestións claramente clientelares, o que provoca que constantemente, e non de forma absolutamente natural e necesaria, haxa que estar modificando a norma. Aconsella a Sra. Rosón prudencia á Sra. Pardo, porque ó seu ver esta estúpida polémica vai ter consecuencias, como se verá próximamente.

Dona María Pardo ve claro que o grupo socialista está buscando a imputación, utilizando a veciños cos que garda moita relación. Explica que se solicitou o auxilio ao Consorcio no mes de xullo para tramitar terrazas e impedir que estiveran sen licenza durante a etapa estival. Foi un funcionario do Consorcio, non un funcionario municipal, o que elaborou o informe ao que fixo mención a Sra. Rosón. Engade que ao goberno municipal lle gusta a normativa aprobada, e que non vai autorizando terrazas sen ordenanza, como sucedeu por todo o casco histórico. Por certo, a tardanza en retirar a terraza do vello restaurante Alameda dá idea do tempo que consumía en traballar o goberno socialista

Seguidamente explica as razóns que levan a rexeitar a proposición presentada, e en primeiro lugar indica que todas as obras se levaron a cabo conforme a unha licenza concedida por este concello, son revisadas e inspeccionadas escrupulosamente, como non podía ser doutra maneira, e neste caso non se fai ningunha excepción. A afirmación da Sra. Rosón está completamente fóra de lugar, pois pretende ver como excepcional o que xa é unha práctica habitual na administración pública e en particular desta administración.

Sobre a segunda parte da proposición, di a Sra. Pardo que leu varias veces o escrito, e non foi capaz de encontrar ningunha proposta concreta de modificación da ordenanza de terrazas, pois só se fala de imprecisións, xeneralidades e tópicos, que ademais non son de aplicación a esta ordenanza.

Con respecto á comisión do caso histórico, di a concelleira que a ordenanza deixa claro que temas deben levarse, que son só aqueles que afecten a patrimonio construído, e as terrazas que poden ser autorizadas en solo demanial non xeran dereitos, non son permanentes, non son edificacións, motivo polo cal a súa tramitación non entra dentro das competencias da comisión.

Denuncia seguidamente a hipócrita posición do PSOE en todo este tema, pois critican a ordenanza porque permite instalar terrazas estables, pero non tiveron a mesma actitude cando permitiron a terraza cuberta e estable do hostel da Praza do Obradoiro, pois non pasou pola comisión asesora do casco histórico. Esta terraza non está situada nunha zona de borde, ao lado dunha rúa con tráfico fronte ao Ensanche como é o caso de Porta Faxeira. A terraza do Hostel está na Praza do Obradoiro e aí leva quince anos, mentres a terraza de Porta Faxeira ten un permiso por cinco anos, e paga un canon. A do Hostel está pola contra en zona privada de uso público, non ten límite de tempo, nin se levou a súa aprobación á Comisión asesora do casco histórico, e mesmo o Sr. Bugallo concedeu entrevistas dende ela.

Tampouco sabe a concelleira como cualificar a ocupación do solo da Alameda coa instalación dun quiosco de prensa fabricado en aluminio, que non pasou pola Comisión asesora, e que tapa por certo a fermosa vista que aparece en moitas postais de Santiago da igrexa do Pilar vista dende o estanque, por non facer mención a que foi un goberno socialista o que permitiu encher de terrazas estables a praza de María Pita na Coruña.

Santiago non pode nin debe permanecer ao marxe desta tendencia que se ve en todas as demais cidades turísticas e cidades patrimonio españolas e europeas, permitindo unhas instalacións coidadas que prestan un servizo demandado polos cidadáns e visitantes.

A terraza de Porta Faxeira é unha terraza ben deseñada, que se deberá xulgar estéticamente cando estea rematada, cos seus elementos decorativos, xardiñeiras,

plantas, toldos, pois non será un despropósito como o que o goberno socialista coruñés autorizou en María Pita, nin un quiosco de aluminio como o que o goberno socialista compostelán autorizaron xunto ó estanque da Alameda.

Conclúe a súa intervención a concelleira mencionando a pantalla publicitaria non permitida polo Plan Especial pero autorizada polo goberno anterior, sen pasar o tema pola comisión asesora, en Porta Faxeira, na entrada da Alameda, pantalla que non paga canon económico, pois a única contrapartida esixida eran uns minutos de publicidade reservada para o Concello, que se utilizaba para pasar vídeos do señor Bugallo.

Auséntase do salón de Plenos a concelleira Dona Marta Álvarez-Santullano.

O Sr. Alcalde intervén finalmente, indicando que os concelleiros da oposición ven o mundo ao revés, como Alicia no país das marabillas.

Á parte das referencias ao quiosco da Alameda, á terraza do Hostal, ou á pantalla publicitaria da Alameda, refírese o Sr. Currás ó canon que o concello cobraba pola terraza do restaurante Alameda, malia considerala ilegal, pois o feito de que o Concello de Santiago cobrara un canon por unha terraza ilegal mantida durante vinte anos tamén ten un nome dende o punto de vista penal.

Fai tres anos que o Sr. Currás denunciou o anclaxe dun cartel de máis de vinte metros cadrados no edificio Bendaña, edificio catalogado e protexido, coa publicidade do Consorcio de Santiago do programa “ter é manter”. A anclaxe era de máis de corenta tornillos de dez centímetros de profundidade na fachada de Bendaña, e aínda se poden ver os furados, porque se selaron nada menos que con porexpán expandido, o que dá idea da forma de actuar da anterior corporación.

O goberno anterior articulou a recuperación da Porta Faxeira ata Rodrigo de Padrón, con enormes beirarrúas e cambio da parada de taxis, co obxecto de recuperar ese espazo para os cidadán, pero o que realmente se fixo foi crear todo tipo de terrazas dende Porta Faxeira ata San Clemente. O espazo recuperábase para os cidadáns, e logo se utilizou para uso privado. Por outra banda, fai mención ó museo da cidade, no epicentro da cidade histórica, ao pé da catedral, cuberto de zinc, e coa fachada da rúa da Conga de aluminio e vidro, e por si fora pouco, con aumento tamén nalgunha zona de altura, cun lucernario, o que evidentemente pode ser legal, pero en todo caso resulta contradictorio con esa ortodoxia que o grupo socialista di que aplica sempre na cidade.

Habería que falar tamén do adefesio que se mantivo dende o ano 93 detrás do Pazo de Raxoi, onde agora hai un xardín, o que unido a moitas máis actuacións dá pé a afirmar que a vara de medir é distinta.

Rematado o debate, por 10 votos a favor, dos membros dos grupos municipais BNG e PSdeG-PSOE, e 13 en contra, dos membros do grupo municipal popular, o Pleno da Corporación rexeita a proposición presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE relativa a determinados aspectos da ordenanza de terrazas e quioscos de hostalería.

## **7. DAR CONTA DE PERSOAMENTOS, SENTENZAS E OUTRAS INCIDENCIAS EN RECURSOS CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVOS.**

Á vista do ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda e Medio Ambiente, correspondente á súa sesión do pasado día 17, dáse conta ao Pleno da Corporación da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, ditada o día 7 de novembro de 2013, pola que se rexeita o recurso interposto por D. José García Fernández contra o acordo de aprobación definitiva do Plan Especial de Ordenación do Campus Universitario ( PE-8).

## **8. DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA, DAS CONCELLARÍAS DELEGADAS E ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.**

Dase conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado, das resolucións ditadas pola alcaldía e as concellerías delegadas dende o 11 de novembro ata o 29 de novembro de 2013 (núms. 6573 ao 7335, ambos incluídos), e dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela nas seguintes sesións:

Sesión extraordinaria urxente do día 5 de novembro de 2013 (Núm. 87).

Sesión ordinaria do día 7 de novembro de 2013 (Núm. 88).

Sesión extraordinaria urxente do día 11 de novembro de 2013 (Núm. 89).

Sesión extraordinaria urxente do día 11 de novembro de 2013 (Núm. 90).

Sesión ordinaria do día 14 de novembro de 2013 (Núm. 91).

## **9. ROGOS E PREGUNTAS.**

### **ROGOS E PREGUNTAS DO BNG.-**

#### **ROGO.-**

**1. Rexistro de entrada do día 16 de decembro de 2013, núm. 60943, para que se adopten as solucións necesarias para o mantemento dos CEIPS e das escolas infantís.**

#### **PREGUNTAS.-**

**1.- Rexistro de entrada do día 2 de decembro de 2013, núm. 238 (para a súa resposta por escrito), relativa a contratación da pista de xeo.**

**2.- Rexistro de entrada do día 4 de decembro de 2013, núm. 239 (para a súa resposta por escrito), relativa ao centro cívico do Romáño.**

**3.- Rexistro de entrada do día 17 de decembro de 2013, núm. 244 (para a súa resposta por escrito), relativa a remodelación do transporte urbano de viaxeiros.**

#### **ROGOS E PREGUNTAS DO PSdeG-PSOE.-**

##### **PREGUNTAS.-**

**1.- Rexistro de entrada do día 5 de decembro de 2013, núm. 240 (para a súa resposta por escrito), relativa ao centro socio cultural de Fontiñas, polo problema da calefacción.**

**2. Rexistro de entrada do día 5 de decembro de 2013, núm. 241 (para a súa resposta por escrito), relativa ao servizo de axuda no fogar.**

**3. Rexistro de entrada do día 10 de decembro de 2013, núm. 242 (para a súa resposta por escrito), relativa ao pavillón polideportivo do colexio Apóstolo Santiago.**

Dona Elvira Cienfuegos explica o contido do rogo formulado polo BNG, e indica que é obriga dos concellos, e polo tanto do noso, a conservación e mantemento dos centros públicos de educación infantil e primaria. Así mesmo, nas escolas infantís da rede do Consorcio de Igualdade e Benestar corresponden ao Concello as accións de mantemento e reparación, que tampouco se estiveron atendendo coa puntualidade necesaria, como pon de manifesto que o falso teito que se desprende na escola infantil de San Roque estivera semanas sen repararse.

No Concello de Santiago existen trece centros de educación infantil e primaria públicos, todos -agás o Ramón Cabanillas- con moitos anos de funcionamento, que requiren unha atención continuada, e unha adicación especial antes do inicio de cada curso. A súa falta explica que nestes momentos haxa moitas reparacións pendentes: goteiras, persianas estropeadas, cisternas que funcionan mal, portas que non pechan, valos insuficientes ou chans deteriorados, son situacións comúns nos Ceips, que xeran incomodidades e ás veces riscos para o alumnado.

Algúns centros teñen ademais problemas específicos, como o de Roxos, no que o alumnado ten que subirse ao autobús escolar dende a propia calzada, co perigo que



representa, sen que o Concello adopte ningunha solución provisional mentres non se constrúe a rotonda, aínda contando cunha parcela pública anexa, con acceso para vehículos e sen uso na actualidade.

As actuacións de mantemento constitúen unha obriga para os concellos, e deben ser unha prioridade, pola importancia que a educación pública debe ter para calquera administración, e tamén para o local.

Polo tanto, dado que un ano contable acaba e outro vai empezar, dado que hai vacacións escolares e despois delas retómase a actividade educativa en período invernal, o BNG solicita que se acometan as actuacións pertinentes para dar solución ás necesidades de mantemento que presentan os CEIPS e as escolas infantís.

Dona María Castelao responde que as situacións máis urxentes fóronse solventando a medida que se ían producindo, como por exemplo os baños do López Ferreiro, os do Arquitecto Casas Novoa, actuacións acometidas por parte da Consellería de Educación a través da súa delegación na Coruña.

É moi difícil -engade- afrontar obras en épocas como estas, co orzamento limitado que este ano tivo o departamento de educación. Era doado facer obras na etapa anterior, cando se pagaban cinco anos despois as obras executadas no ano 2008, por importe de 30.000 euros, importe que é maior que o que ten a súa concellaría este ano. Non obstante, á Sra. Castelao preocúpalle dar unha solución de totalidade, e así xa está en marcha dende o departamento de urbanismo un contrato de mantemento que permitirá dar nestes casos unha solución rápida e inmediata, ao igual que existe noutros concellos desta Comunidade Autónoma, como na Coruña. A dotación económica para o servizo tamén está prevista na elaboración dos novos orzamentos, polo tanto o ano que vén o compromiso do goberno municipal é o de contar con este servizo de mantemento para os colexios e para as escolas infantís, e rematar xa con esa problemática.

## **10. MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS MUNICIPAIS.**

### **MOCIÓNS DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG.-**

#### **1. Rexistro de entrada do día 18 de decembro de 2013, núm. 246, para garantir a subministración eléctrica ás persoas sen recursos**

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción, para o seu debate en Pleno, para garantir a subministración eléctrica ás persoas sen recursos.

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

En Galiza hai máis de 650.000 persoas que están en situación de pobreza e 120.000 en estado de pobreza severa; hai 93.000 fogares con todos os seus membros no paro - 12.000 máis que o ano pasado- e existen máis de 33.000 fogares sen ningún tipo de ingresos, confirmando datos terríbeis de pobreza infantil que no Estado español acada a cifra de 2,2 millóns de nenos e nenas por baixo do limiar da pobreza ou que 6 de cada 10 familias chegan con maiores dificultades a fin de mes.

Aos recortes, ao copagamento nos servizos públicos ou á restrición no acceso a sanidade, hai que engadir a redución nas prestacións por desemprego, xunto coa futura eliminación de servizos que se prestan nos concellos, por causa da reforma local, ou as reformas que afectarán subsidios por desemprego ou as pensións. Estas medidas agrávanse coa permanente redución dos orzamentos do Estado español e da Xunta, e que, co encarecemento da enerxía, sexa o gas ou a electricidade, o desemprego ou a falta de recursos económicos, provocan cada vez máis vítimas da política de desamparo que desenvolven os gobernos do PP no Estado e na Xunta de Galiza contra a cidadanía en xeral. Cada vez máis persoas quedan sen prestacións ao esgotaren as axudas de protección social, sen emprego, sen fogar ou sen poder afrontar o pagamento de hipotecas, alugueiros ou servizos básicos como a luz, o gas... ou simplemente poder alimentarse.

O goberno local non só debe garantir por medio da administración municipal e dos servizos sociais públicos o apoio as persoas que o precisaren, senón que tamén debe impulsar diante do Estado español e da Xunta de Galiza iniciativas para que a prestación de servizos básicos destinados aos grupos máis desfavorecidos e medidas específicas dirixidas a persoas en risco de exclusión social e con necesidades especiais permitan contribuír a garantir o benestar, a saúde e calidade de vida nesta situación dramática que padecen.

En consonancia con isto, hoxe, outro dos factores de vulnerabilidade para moitas familias galegas é a pobreza enerxética, e concretamente a subministración eléctrica das súas vivendas. Os datos referidos ao Estado español demostran que, antes de comezar a crise económica, o número de familias que sufrían un corte de luz polo non pagamento do recibo da empresa subministradora era de 600.000 e, durante o ano 2012, foron 1,4 millóns de familias as que padeceron este corte na subministración.

Esta situación, a últimos do outono e co inverno ás portas, faise especialmente dramática pensando que se poidan producir cortes da subministración en fogares sen recursos, un feito que agudizará aínda máis as penosas condicións de vida das persoas que os habitan.

Os niveis e datos de pobreza en Galiza que enumeramos ao principio e as duras condicións climatolóxicas que estamos xa a padecer na entrada deste inverno, fan especialmente necesario que a Xunta de Galiza adopte medidas diante desta problemática para evitar as súas dramáticas consecuencias.

Galiza é excedentaria na produción de electricidade. Así, mentres padece os custos sociais e medioambientais que supón a xeración eléctrica, non obtén ningún beneficio desta condición.

Por iso, o grupo municipal do BNG, solicita do Pleno da corporación municipal a adopción do seguinte

### **ACORDO**

Instar á Xunta de Galiza ás seguintes cuestións:

1. Realizar as modificacións legislativas necesarias para garantir a subministración enerxética ás familias que estean en situación de pobreza e, entre tanto, adopte medidas prácticas para evitar as dramáticas consecuencias desta problemática nos fogares galegos máis desfavorecidos.
2. Demandar do Goberno do Estado español que non incremente o recibo da luz para o 2014.
3. Solicitar do Goberno do Estado español que permita a creación dunha tarifa eléctrica galega que, atendendo á condición de Galiza como excedentaria na produción de electricidade, posibilite unhas menores tarifas tanto para o consumo doméstico como para as empresas.

### **2. Rexistro de entrada do día 18 de decembro de 2013, núm. 247, relativa a garantir os dereitos fundamentais do preso Eduardo Vigo Domingues.**

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción, para o seu debate en Pleno, para garantir os dereitos fundamentais do preso Eduardo Vigo Domingues.

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O BNG mantivo e mantén unha posición inequívoca de condena e rexeitamento, de xeito firme e coherente, da violencia calquera que sexa a súa finalidade. Ao mesmo tempo, tamén amosa a súa convicción de que a loita contra os actos violentos e as persoas e organizacións que os provocan deben facerse a través de respostas enmarcadas

no respecto dos principios recollidos nas normas sobre dereitos humanos, civís e políticos de calquera persoa. Por iso, calquera acción que se adopte desde os poderes públicos para a represión e castigo de actos violentos non pode fundarse en razóns alleas aos principios propios e básicos da política penal e penitenciaria democráticas, isto é, na proporcionalidade, eficacia e reinserción social como finalidade primordial no cumprimento das penas.

Eduardo Vigo Domínguez é un veciño de Santiago de Compostela de 28 anos de idade e residente a maior parte da súa vida na súa aldea natal de Angrois. O 31 de novembro de 2011 Eduardo foi detido pola policía nacional e inmediatamente aplicóuselle o réxime de incomunicación. Actualmente está na cadea de Mansilla de las Mulas-León; con anterioridade, estivo na prisión de Córdoba a 982 quilómetros de Santiago, cando existe no concello de Curtis un establecemento penitenciario que dista 59 quilómetros da súa casa. Esa determinación do cumprimento da súa condena incumpre o previsto no artigo 12 da Lei orgánica 1/1979, xeral penitenciaria que, con carácter xeral ordena a que a administración conte con centros diseminados por todo o territorio para evitar o desarraigo social das persoas condenadas.

Segundo se desprende o artigo 25 da Constitución, en liña coa interpretación da xurisprudencia en materia de dereitos humanos, ás persoas condenadas recoñécenselle, entre outros, os dereitos á propia reeducación, reinserción social, ao acceso cultural e ao desenvolvemento integral da súa propia personalidade. Destas previsións, podemos deducir a evidente relación entre un axeitado tratamento penitenciario a calquera persoa reclusa coa proximidade ao seu contorno familiar e social, precisamente favorecer a reeducación e a xa citada reinserción social.

Tamén é oportuno remarcar que a ONU, mediante Resolución 663 do Consello Económico e Social sostivo que o sistema penitenciario non debe agravar os sufrimentos inherentes a unha situación de reclusión, indicando (regra 79) que “se velará particularmente polo mantemento e a mellora das relacións entre a persoa reclusa e a súa familia”. Por outra banda, debemos lembrar que en abril de 1994 o Comité Europeo para a prevención da tortura, nun informe destinado ao Estado español, lembraba que "consideracións humanitarias, sen mencionar o obxectivo da rehabilitación social, falan a prol de que as persoas presas cumpran as súas sentenzas na rexión [sic] onde teñan lazos sociais e familiares“(punto 143 do Informe). Xa que logo, o dereito fundamental á reinserción social que as normas, tanto estatais como internacionais, recoñecen a todas as persoas que cumpren penas en prisión, está directamente vinculado ao cumprimento das penas en ámbitos territoriais onde teñan lazos familiares e sociais, de xeito que dispersión e afastamento que se lle aplica a Eduardo Vigo Domínguez, afecta negativamente á efectividade deste dereito básico.

Por todo isto, solicitamos do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

O Pleno do Concello de Santiago de Compostela acorda instar ao Goberno do Estado a garantir o respecto escrupuloso de todos os dereitos fundamentais de Eduardo Vigo Domínguez durante a súa permanencia en prisión, e a tal fin:

1. Trasladar a Eduardo Vigo Domínguez a un centro penitenciario radicado en Galiza, para que cumpra a súa condena preto da súa familia e do seu lugar de residencia, para garantir a efectividade do seu dereito fundamental á reinserción social e evitar o seu desarraigo social.
2. Aplicar criterios obxectivos no seu réxime penitenciario, evitando a aplicación arbitraria e non razoada xuridicamente do réxime pechado ou doutros que impliquen restricións ilegais e inxustificadas.
3. Garantir o respecto escrupuloso de todos os dereitos fundamentais de Eduardo durante a súa permanencia en prisión.

### **3. Rexistro de entrada do día 18 de decembro de 2013, núm. 248, para convocar o debate do estado do concello.**

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción, para o seu debate en Pleno, relativa á convocatoria do Debate do Estado do Concello contemplado no regulamento municipal.

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

No artigo 114 do regulamento orgánico municipal do Pleno do Concello de Santiago exponse que en cada mandato corporativo convocaranse tres sesións extraordinarias do Pleno dedicadas ao Debate do Estado do Concello e corresponderalle ao presidente ou presidenta do Pleno fixar a data da sesión, a proposta do alcalde ou alcaldesa. Especifica, así mesmo, que non haberá lugar a realizar este debate nos anos en que se celebren eleccións municipais.

Este debate contribúe a ofrecer maior transparencia na xestión e a mellorar a calidade democrática desta institución, ademais de servir de instrumento para facer balance do traballo desenvolvido co fin de corraxir erros detectados. Serve, así mesmo, para dar a coñecer e para fomentar a participación da veciñanza na toma de decisións adoptadas pola administración local.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación a adopción do seguinte

## **ACORDO**

Convocar o Debate do Estado do Municipio para lle dar cumprimento ao artigo 114 do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno do Concello de Santiago.

## **MOCIÓNS DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA.-**

**1. Rexistro de entrada do día 20 de decembro de 2013, núm. 250, relativa aos recortes nas políticas de prevención e loita contra o VIH e a SIDA e a situación na que se atopan os comités antisida de Galicia.**

## **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Como cada ano, o 1 de decembro celebramos o Día Internacional de Loita contra a SIDA, xornada instaurada por Nacións Unidas para lembrar e dar a coñecer á sociedade a epidemia global causada pola infección por VIH.

Segundo o último Informe sobre a Epidemia Mundial de SIDA 2013 de ONUSIDA, 35,3 millóns de persoas viven co VIH no mundo e 1,6 millóns de persoas morreron no último ano por mor de enfermidades relacionadas coa SIDA. Calcúlase que en 2012 déronse 2,3 millóns de novos casos de infección polo VIH en adultos e nenos, o que representa unha caída do 33% desde 2001. Grazas á expansión do tratamento antirretroviral, as mortes relacionadas coa SIDA tamén descendieron nun 30%, en comparación cos índices máximos rexistrados en 2005. En España son ao redor de 130.000 as persoas que viven co VIH, cunha taxa de preto de 3.000 novos diagnósticos anuais.

Ademais de lembrar estes datos xerais, diversos colectivos sociais do noso país chamaron a atención neste ano sobre a crecente deixadez de moitas administracións públicas, especialmente o Goberno de España e a Xunta de Galicia, no que ao desenvolvemento de políticas de prevención e atención ás persoas afectadas polo VIH e a SIDA se refire.

A desmantelación da Secretaría do Plan Nacional sobre a SIDA e a súa integración nunha subdirección xeral, coa consiguiente eliminación de recursos e recortes drásticos de persoal, supuxo o preludio da total ausencia de política neste ámbito por parte do Goberno. Este feito provocou que o noso país non evaluase adecuadamente o Plan Multisectorial fronte á Infección por VIH e a SIDA 2008-2012, e que aínda non se aprobase o Plan Multisectorial 2013-2017. Ademais desde xuño de 2012 carecemos de

datos epidemiolóxicos actualizados da incidencia real do VIH en España, o que impide planificar estratexias preventivas a curto e longo prazo.

Esta ausencia total de políticas públicas en materia de VIH e SIDA contrasta coa rápida posta en marcha de medidas que restrinxen dereitos e prestacións ás persoas que viven co VIH, como o repago dos medicamentos, o crecente aumento de trabas para a dispensación de antirretrovirais na farmacia hospitalaria ou as restriccións no acceso aos medicamentos de última xeración contra a hepatite C. Todo iso sumado á exclusión sanitaria que para moitas cidadás e cidadáns supuxo a aprobación do Real Decreto-Lei 16/2012, que acabou cos principios de universalidade e equidade do noso sistema público de saúde.

Pero o austericidio e a política de recortes en materias tan sensibles e vitais coma esta non só se está a aplicar ás políticas dependentes directamente da administración, senón que o PP tamén está practicando unha planificada política de exterminio do amplo tecido social que dende hai décadas viña traballando con grande éxito na prevención do VIH e na asistencia ás persoas contaxiadas ou enfermas de SIDA, complementando o traballo dos poderes públicos e cubrindo ocos aos que a administración non chegaba.

Nos últimos tempos, téñense reducido nun 75% as axudas destinadas a financiar os programas de prevención do VIH que desenvolven as ONG, pasando de case 4 millóns de euros en 2011 a 1 millón en 2012 e 2013. Uns recortes que supuxeron a eliminación de multitude de programas de prevención e asistencia, e que están abocando ao peche a moitas destas organizacións, perdendo un tecido social esencial para gañar a batalla á pandemia.

No noso país, o Goberno de Feijoo, como en tantas outras materias, está a copiar o peor das políticas do PP no Goberno de España e reduciu a súa achega á loita contra a SIDA nun 55% o que provocou a desaparición dos Comités Antisida de Ourense, Vigo e Compostela, destino que tamén pode seguir o de Ferrol, que está a piques de pechar. Ademais, as campañas de prevención desaparecieron da axenda do Goberno Galego, en especial as accións entre as mozas e mozos, precisamente o grupo de idade no que se está a dar un preocupante repunte de infeccións por VIH.

As decisións políticas teñen consecuencias e o Partido Popular coa aplicación destas medidas está a poñer en perigo algo tan grave como a saúde dos cidadáns deste país, provocando un gran retroceso nunha loita tan longa e dura como ten sido a de combater o VIH e a SIDA. Por iso, este ano, ademais de lembrarnos das persoas contaxiadas é preciso que os/as socialistas e o conxunto da cidadanía denunciemos estas prácticas e fagamos todo o posible para denuncialas e frenalas.

De acordo con todo o sinalado anteriormente, o grupo municipal do PS<sup>de</sup>G-PSOE presenta a seguinte:

## **PROPOSTA DE RESOLUCIÓN**

A Corporación Municipal acorda:

1. Rexeitar e condear os recortes que o Partido Popular está a levar a cabo desde o Goberno de España e a Xunta de Galicia nas políticas de prevención e loita contra o VIH e de atención ás persoas con SIDA.
2. Esixirlle á Xunta de Galicia que habilite unha liña de financiamento específica e urxente que evite a desaparición dos Comités AntiSIDA que aínda se manteñen en activo en Galicia e permita a reactivación dos que xa tiveron que pechar.
3. Pór en marcha desde os Servizos Sociais Municipais un calendario de actividades destinado a previr o contaxio por VIH entre os mozos e mozas do noso concello.
4. Dar traslado do presente acordo aos diferentes grupos políticos con representación no Parlamento de Galicia.

### **2. Rexistro de entrada do día 20 de decembro de 2013, núm. 251, relativa a rexeitar a suspensión de liñas e melloras no transporte metropolitano.**

De acordo co previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Santiago de Compostela, desexa someter á consideración do Pleno a seguinte MOCIÓN:

## **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Nas áreas metropolitanas das cidades, unha das prioridades que a Xunta de Galicia se comprometeu a desenvolver e potenciar son os sistemas públicos de transporte de viaxeiros mediante a implantación de medidas que posibiliten e faciliten a mobilidade das persoas a través do uso de sistemas colectivos de transporte como alternativa a un uso masivo de medios privados.

Con esta finalidade e no convencemento de que os cidadáns reclaman das diversas administracións a implantación de servizos de transporte público áxiles e eficientes. O Concello de Santiago de Compostela asinou no ano 2010 ,xunto cós concellos de Ames, Brión, O Pino, Boqueixón, Val do Dubra, Oroso, Touro, Trazo, Teo e Vedra e a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestrutura da Xunta de Galicia un CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO CONXUNTO



## DO TRANSPORTE METROPOLITANO DE GALICIA NA ÁREA DE TRANSPORTE METROPLITANO DE SANTIAGO.

No devandito convenio establécese que coa finalidade de incrementar a oferta de medios de transporte existente, crearanse novos servizos de interese metropolitano “creando corredores metropolitanos de altas prestacións e atendendo á poboación afectada” e prevendo a creación de 12 novos servizos que afectarán a un total de 11 concellos. Así mesmo establece que “as partes afectadas contribuirán ao seu mantemento sufragando os déficits, se é o caso, na mesma porcentaxe prevista para a participación na bonificación zonal de carácter xeral (20% Concellos - 80% Xunta de Galicia)”.

Os estudos realizados confirman o impacto positivo do Plan de Transporte Metropolitano na mobilidade baseada no uso do transporte público. Concretamente, para a área de Santiago de Compostela espérase que no 2015 se produzan preto de 14,4 millóns de desprazamentos anuais utilizando o sistema do transporte público.

Unha resolución da Dirección Xeral de Mobilidade fai desistir parcialmente do Convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Santiago de Compostela asinado o 3 de decembro de 2010. Este documento, datado o 1 de abril do 2013 resolve que a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas desista parcialmente, por razóns xustificadas de interese público do devandito convenio. O desestimento parcial refírese á programación e ás previsións orzamentarias autorizadas para a posta en funcionamento de Servizos de Interese Metropolitano (programa de mellora da oferta)”, cunha resolución unilateral que deixa sen efecto unha parte substancial das melloras previstas no transporte público do Concello.

Diante desta situación, o Grupo Municipal Socialista de Compostela, propón ó Pleno municipal a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. Instar á Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia a deixar sen efecto a resolución de 1 de abril do 2013 pola que se cancela unilateralmente parte do programa de melloras da oferta contemplada no Convenio de Transporte Metropolitano.
2. Instar á Dirección Xeral de Mobilidade a que concrete prazos para a posta en marcha do programa de implantación dos novos servizos SIM e SIM propostos e recollidos no Anexo Técnico Convenio de Transporte Metropolitano asinado o 3 de decembro do 2010.

3. Que a Corporación Municipal de Santiago de Compostela apoie as reivindicacións reclamadas ante a DXM (Dirección Xeral de Mobilidade) para as melloras do transporte público, en especial no que se refire á harmonización de horarios e frecuencias, así como á mellora dos medios empregados e ampliación da oferta.

Don Rafael Vilar defende a moción presentada polo BNG para garantir a subministración eléctrica ás persoas sen recursos. Di que nestas últimas datas o país asistía a un debate público que tiña que ver coa suba do recibo da luz. En xaneiro vai subir a luz, seguramente non ese 11% que se anunciou en principio, e este debate público puxo ao descuberto o sistema perverso que está conducindo a que cada ano e varias veces encareza o recibo, o que afecta a particulares, polo tanto a cidadáns, a empresas e tamén a administracións.

No caso dos fogares, a suba da luz estase producindo ao mesmo tempo que a maioría social traballadora está a perder poder adquisitivo, por causas como conxelacións ou baixas salariais. Mesmo no caso das pensións, se é difícil afrontar a suba da luz para persoas que teñen ingresos, para persoas e fogares que non os teñen xa resulta imposible. Nese senso véñense producindo nos últimos anos alertas sobre o aumento da pobreza en Galiza, e informes como o de Cáritas falan xa na nosa cidade de 22.000 persoas en situación de pobreza, e 4.000 en situación de extrema pobreza. Hai na actualidade outro concepto que circula que se chama pobreza enerxética, que xa atinxe a máis do 10% dos fogares, e que ten que ver con xente que non pode afrontar as necesidades enerxéticas dos seus domicilios, sexa luz, sexa outro tipo de enerxía para ter calefacción.

O BNG, ante estas situacións, sempre demanda o papel activo das administracións, tamén das locais, para que non se poñan de perfil e atendan o drama de miles de fogares que non poden facer fronte a estas facturas enerxéticas, e máis cando se producen de maneira indiscriminada as subas contínuas do recibo da luz. Para o seu grupo é inadmisíbel dende todo punto de vista que se permita que familias e fogares queden sen subministración eléctrica e máis na época de inverno, por imposibilidade real de afrontar o pago dos recibos. Hai outros países no noso entorno, mesmo outros territorios do Estado, que están promovendo actuacións e medidas lexislativas para que isto non se produza; en Francia, por exemplo, están prohibidos os cortes no luz no inverno a todo tipo de fogares, en Alemania estanse a sufragar polo Estado gastos de calefacción a persoas e fogares en dificultades, etc., etc.

No sentido exposto, o seu grupo demanda que esta corporación promova actuacións que insten aos diferentes gobernos, sexan Xunta ou Estado, para evitar precisamente que a xente máis desfavorecida non poida chegar a ter subministración eléctrica nos seus fogares, polo tanto que non haxa cortes de enerxía a estas persoas e fogares.

Rematada a exposición, o Pleno da Corporación, por 10 votos a favor, dos membros dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e BNG, e 13 votos en contra, dos membros do grupo municipal popular, rexeita a urxencia na toma en consideración da moción presentada polo BNG relativa ó subministro de enerxía eléctrica a persoas carentes de recursos.

Don Rafael Vilar defende seguidamente a urxencia da moción para garantir os dereitos do preso Eduardo Vigo Domingues, conveciño noso. A moción preséntase a petición dos seus familiares e amigos e máis da entidade social “Que volten á casa”, e o seu grupo apóiaa co firme convencemento en primeiro lugar, de que toda política penal e penitenciaria ten que se basear en principios como o de proporcionalidade, eficacia e reinserción social, propios dun Estado de dereito, polo tanto dunha democracia digna de tal nome, e en segundo lugar, de que é posible unha aplicación da lexislación penitenciaria que faga compatible o cumprimento da pena co obxectivo último da rehabilitación social das persoas presas.

Eduardo Vigo, un mozo de Angrois, actualmente cumpre condena nunha prisión a 365 quilómetros da nosa cidade, en concreto na provincia de León, cando aquí hai unha prisión que está a menos de sesenta quilómetros de Santiago de Compostela, que sería a prisión de Teixeiro. Para o BNG isto é un castigo dobre, porque por unha parte está privado da súa liberdade, e cunha distancia do fogar familiar de casi catrocentos quilómetros, pero tamén é un castigo para os seus pais, para os seus familiares e para os seus amigos, polo custe que teñen en desprazamentos, nunha familia da clase traballadora, e polo risco maior de accidente na estrada para esas visitas semanais, que levan a percorrer a esta familia máis de setecentos quilómetros entre ida e volta e mais os gastos xerados. Isto únese ó feito de estar sometido Eduardo Vigo a este réxime de dispersión, que dende logo non contribúe para nada ó arraigo e rehabilitación social do recluso, e que pon unha serie de restriccións que endurecen notablemente a súa situación carcelaria.

A finalidade da moción, por tanto, é a de contribuir a que se garantan os dereitos fundamentais de Eduardo Vigo Domínguez na súa calidade de persoa presa que está a cumprir condena, facéndoo ademais dende un ideario político nacionalista de esquerdas e comprometido de sempre coas vidas democráticas e de plenas condicións pacifistas.

Apela deste xeito o concelleiro á sensibilidade dos grupos desta corporación para demandar que se proceda o traslado a Galicia do noso conveciño Eduardo Vigo Domínguez para que cumpra a súa condena nun centro penitenciario do noso país, o máis próximo posible á nosa cidade, lugar de residencia seu e da súa familia, así como a aplicación dun réxime penitenciario acorde a criterios obxectivos e razoados dende o punto de vista xurídico e polo tanto, que non se apliquen as restriccións ás que se ve sometido Eduardo Vigo, e que se garanta en último lugar o respecto escrupuloso dos

dereitos fundamentais que o asisten na súa calidade de preso durante a súa estadía en prisión.

Rematada a exposición, o Pleno da Corporación, por 3 votos a favor, dos membros do grupo municipal do BNG, 13 votos en contra, dos membros do grupo municipal popular, e 7 abstencións, dos membros do grupo municipal do PSdeG- PSOE, rexeita a urxencia na toma en consideración da moción presentada polo BNG relativa a garantir os dereitos fundamentais do preso Eduardo Vigo Domínguez.

Toma o uso da palabra D. Rubén Cela en defensa da urxencia da moción que solicita a convocatoria do pleno de debate do estado do Concello, e di o concelleiro que esta non é a primeira vez que o BNG a reclama. Lembra que fai un ano enviou, en calidade de voceiro do grupo municipal do BNG, un escrito ao Sr. Alcalde que a día de hoxe non tivo resposta, dicindo que se estaba a incumprir o artigo 114 do Regulamento do Pleno do Concello de Santiago ó non convocar o Pleno do debate do estado do Concello.

Correspóndelle ao Sr. Currás, como Presidente do Pleno decidir a data, agora ben, o que non lle corresponde é decidir se se fai ou non se fai, pois non é algo potestativo, xa que era a súa obriga, conxuntamente coa do seu antecesor, convocar tres plenos extraordinarios do debate do estado do Concello ao longo do presente mandato, excluindo o ano no que haxa eleccións municipais, no que regulamentariamente non se pode. Tocaríase a un destes debates por cada un dos tres anos restantes do mandato, pero agora no mellor dos casos teremos un.

Non debería haber necesidade de que o BNG solicitara a convocatoria, pois o Sr. Currás debeu convocala sesión en tempo e forma, cousa que intencionadamente non fixo. Un debate ten que valer para facer unha parada, e balance do traballo desenvolvido, tanto polo goberno como por suposto pola oposición, e analizar todo o que ten acontecido neste Concello, as necesidades que ten hoxe Santiago, e cales son as propostas e alternativas de futuro de cada un dos grupos municipais.

Para o Sr. Cela, a principal razón de que o debate non se celebre ata agora é a de que o Sr. Alcalde non queira dar a cara por un goberno inmerso en múltiples causas xudiciais, Pokémon, Manga, Carril, facturas falsas, defensa dun dos membros deste goberno..... É este un goberno máis preocupado pola evolución dos xulgados que polos problemas dos veciños e das veciñas. O Sr. Currás sabe perfectamente que hoxe non lle queda máis remedio que aceptar a esixencia do BNG, porque xa non hai excusa posible, e será un debate que chegue tarde, mal e de arrastras, sobre todo de arrastras, porque se hai algo que o Sr. Alcalde se encargou de deixar claro é que non tiña ningún interese en celebrar ese debate, como demostra o feito de que esteamos a piques de rematar o terceiro ano deste mandato, e aínda non se teña realizado nin un só deses debates.

Negar, como o Sr. Alcalde negou ate hoxe, a celebración dese debate, non é só negar as normas de funcionamento do pleno, ou os dereitos dos grupos políticos que o conforman, senón, sobre todo, é negar o dereito dos veciños e das veciñas a escoitar de cada un dos membros da corporación o que creen que se fixo ben ou mal ate o de agora, e o máis importante, o que cada ún dos grupos cree que se debe facer no futuro.

Rematada a exposición, o Pleno da Corporación, por 10 votos a favor, dos membros dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e BNG, e 13 votos en contra, dos membros do grupo municipal popular, rexeita a urxencia na toma en consideración da moción presentada polo BNG relativa ó convocatoria da sesión plenaria para o debate do estado do Concello.

Don Francisco Reyes pasa seguidamente a defender a urxencia na toma en consideración da moción presentada polo grupo socialista que pide rexeitar a suspensión de liñas e melloras no transporte metropolitano, e indica neste senso que nas áreas metropolitanas das cidades, unha das prioridades que a Xunta de Galicia se comprometeu a desenvolver e potenciar foron os sistemas públicos de transporte de viaxeiros.

Con esta finalidade, o Concello de Santiago de Compostela asinou no ano 2010, xunto cos concellos de Ames, Brión, O Pino, Boqueixón, Val do Dubra, Oroso, Touro, Trazo, Teo e Vedra e a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia, un convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia na área de transporte metropolitano de Santiago. No devandito convenio establécese que coa finalidade de incrementar a oferta de medios de transporte existente, crearanse doce novos servizos que afectarán a un total de 11 concellos.

Unha resolución da Dirección Xeral de Mobilidade fai desistir parcialmente do Convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Santiago de Compostela asinado o 3 de decembro de 2010. Esa resolución é do 1 de abril do 2013, e o desistimento parcial refírese á programación e ás previsións orzamentarias autorizadas para a posta en funcionamento de Servizos de Interese Metropolitano, cunha resolución unilateral que deixa sen efecto unha parte substancial das melloras previstas no transporte público do Concello.

Diante desta situación, o Grupo Municipal Socialista de Compostela, propón ao Pleno municipal a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. Instar á Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia a deixar sen efecto a resolución de 1 de abril do 2013 pola que se cancela

unilateralmente parte do programa de melloras da oferta contemplada no Convenio de Transporte Metropolitano.

2. Instar á Dirección Xeral de Mobilidade a que concrete prazos para a posta en marcha do programa de implantación dos novos servizos SIM e SIM propostos e recollidos no Anexo Técnico Convenio de Transporte Metropolitano asinado o 3 de decembro do 2010.

3. Que a Corporación Municipal de Santiago de Compostela apoie as reivindicacións reclamadas ante a Dirección Xeral de Mobilidade, para as melloras do transporte público, en especial no que se refire á harmonización de horarios e frecuencias, así como á mellora dos medios empregados e ampliación da oferta.

Rematada a exposición, o Pleno da Corporación, por 10 votos a favor, dos membros dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e BNG, e 13 votos en contra, dos membros do grupo municipal popular, rexeita a urxencia na toma en consideración da moción presentada polo grupo socialista relativa á suspensión de liñas e melloras no transporte metropolitano.

Expón seguidamente o Sr. Alcalde que queda ratificada a urxencia na toma en consideración da moción do grupo socialista relativa aos recortes nas políticas de prevención e loita contra o VIH e a SIDA e a situación na que se atopan os comités antisida de Galicia.

Don Francisco Reyes explica en relación á mesma que como cada ano, o 1 de decembro celebrouse o Día Internacional de Loita contra a SIDA. Diversos colectivos sociais do noso país chamaron a atención neste ano sobre a crecente deixadez de moitas administracións públicas, especialmente o Goberno de España e a Xunta de Galicia, no que ao desenvolvemento de políticas de prevención e atención ás persoas afectadas polo VIH e a SIDA se refire.

A desmantelación da Secretaría do Plan Nacional sobre a SIDA e a súa integración nunha subdirección xeral, coa consiguiente eliminación de recursos e recortes drásticos de persoal, supuxo o preludio da total ausencia de política neste ámbito por parte do Goberno. Esta ausencia total de políticas públicas en materia de VIH e SIDA contrasta coa rápida posta en marcha de medidas que restrinxen dereitos e prestacións ás persoas que viven co VIH, como o repago dos medicamentos, o crecente aumento de trabas para a dispensación de antirretrovirais na farmacia hospitalaria ou as restriccións no acceso aos medicamentos de última xeración contra a hepatitis C.

Nos últimos tempos téñense reducido nun 75% as axudas destinadas a financiar os programas de prevención do VIH que desenvolven as ONG, pasando de case 4 millóns

de euros en 2011 a 1 millón en 2012 e 2013, uns recortes que supuxeron a eliminación de multitude de programas de prevención e asistencia, e que están avocando ao peche a moitas destas organizacións, perdendo un tecido social esencial para gañar a batalla á pandemia.

De acordo con todo o sinalado anteriormente, o grupo municipal do PSdeG-PSOE presenta a seguinte:

### **PROPOSTA DE RESOLUCIÓN**

1. Rexeitar e condear os recortes que o Partido Popular está a levar a cabo desde o Goberno de España e a Xunta de Galicia nas políticas de prevención e loita contra o VIH e de atención ás persoas con SIDA.
2. Esixirlle á Xunta de Galicia que habilite unha liña de financiamento específica e urxente que evite a desaparición dos Comités AntiSIDA que aínda se manteñen en activo en Galicia e permita a reactivación dos que xa tiveron que pechar.
3. Pór en marcha desde os Servizos Sociais Municipais un calendario de actividades destinado a previr o contaxio por VIH entre os mozos e mozas do noso concello.
4. Dar traslado do presente acordo aos diferentes grupos políticos con representación no Parlamento de Galiza.

Rematada a exposición, por 10 votos a favor, dos membros dos grupos municipais BNG e PSdeG-PSOE, e 13 en contra do grupo municipal popular, o Pleno da Corporación rexeita a moción formulada polo grupo socialista relativa aos recortes nas políticas de prevención e loita contra o VIH e a SIDA e a situación na que se atopan os comités antisida de Galicia.

O Sr. Alcalde pecha a sesión cando son as 12 horas. Dou fe.